



OLD SARUM E O CERVO

Miguel Losada. Secretario da SAGA

Algo acontece en Old Sarum. A grande chaira de Salisbury resulta ser unha das iconas máis sobranceiras do imaxinario cultural europeo.



*Perspectiva sobre a mota de Old Sarum.
Planta da desaparecida catedral*

Unha chea de monumentos antigos ateigan este espazo ó longo e ancho da paisaxe, a cal resultaría mais ben monótona de non ser por esta circunstancia. O que non resulta tan sabido é o feito de que na outra dimensión, a fondura, esta zona amosa tamén unha interesante característica como é o feito da continuidade. Así, conséntase que as formalmente diversas sociedades que teñen desenvolvido ó longo do tempo o seu espazo vital nesta rexión, aproveitaron unha e outra vez os mesmos lugares, moitos deles, para as súas actividades, para proxectar a súa ideoloxía ou visión do mundo.

solares máis inveterados de Inglaterra, berce da cidade e un dos primeiros templos católicos do país. Os ríos Avon e Bourne marxean a contorna.

Mais iso non é todo. Hai uns 5000 anos, este modesto lombeiro británico era un lugar de respecto e



Cecais o caso máis salientable sexa o do "castro" de Old Sarum. Atópase sobre un terreo composto da clase de calcaria de orixe orgánica que se emprega para facer o xiz, a creta. Nesta caste de rochedos adóitanse atopar nódulos de sílex e no caso de Old Sarum, esta realidade é abraiante. Está, ademais, moi preto da vila de Salisbury, nun outeiro construído á beira dunha antiquísima vía de comunicacións. É un dos

"reverencia", segundo as fontes británicas, para as poboacións locais neolíticas. Neste balcón artificial sobre chaira, estruturas de grandes postes de madeira postos en pé e semellantes a outros que veremos dentro desta serie de artigos da SAGA sobre Gran Bretaña, foron dispostas dentro dun contexto ritual. Foron tanto resposta como consecuencia da visión do mundo que tiña aquela xente.

SAGA

Sociedade Antropolóxica Galega
Galician Anthropological Society

www.antropoloxiagalega.org

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>
infosaga@antropoloxiagalega.org



Un castro, *hillfort*, celta foi construído no curuto cara o ano 400 antes da nosa era. Dende este lugar dominábase unha contorna pola que se espallaban numerosas granxas. Ca chegada da colonización romana, aló contra o ano 43, esta posición estratéxica acolleu unha fortificación de certa entidade, cunha torre. Chamaron ó lugar *Sorviodunum*.

Marcharon os romanos e chegaron os saxóns. Old Sarum foi adaptado e transformado nun establecemento saxón. Foi apetecido polos vikingos cando menos dende o ano 1003, no que atacaron a contorna. Deste volta serviu de refuxio á poboación local e a unha ceca, fábrica de moeda, real.

O tamén normando Guillerme o conquistador, *William the Conqueror* para eles, mandou facer unha mota no centro do círculo definido pola enorme gabiá exterior. Así xurdiron outra gabiá interior, o curuto secundario resultante e a pontella que salvaba o valeiro. Todos estes elementos e o predomnio da madeira como material construtivo, definiron esta fortificación imaxinada dende a máis "académica" poliarcética normanda. Este castelo foi unha peza clave na conquista da illa. Puidemos imaxinar, grazas a Bernardez Vilar¹, a Guillerme sobre o seu cabalo galego e botando unha ollada ós tremendos foxos que constitúen a principal defensa desta mota. O caso é que

algo mais tarde, no 1075, decidiuse a construción da catedral. Uns cen anos despois o castelo foi cárcere para Leonor de Aquitania.

A catedral primixenia foi desmantelada, transformada en canteira para poder construír, rapidamente, un novo templo. As liortas polo poder entre o rei Henrique I e o bispo Herbert Poore foron a causa e a tradición popular botou man da súa ampla e antiga equipaxe de contidos e deixounos unha versión dunha lenda que de



Muralla interior de Old Sarum. Está feita de sílex amalgamado nunha argamasa calcaria

contado levounos a pensar en dous traballos, liñas de investigación en realidade, que coñecemos da mau de cadanseu autor. André **Pena**,² no eido da Arqueoloxía Institucional³ e Marcial **Tenreiro**,⁴ no da Etnoarqueoloxía e a Etnohistoria (Archaeoethnológica⁵).

Resulta que cando os poderosos daquel tempo acordaron desfacer a vella catedral e desprazar

¹ Bernardez Vilar, Xoan. *No ano do cometa*. Ed. Xerais, 1987. ISBN 9788475078311. Novela histórica ambientada na Europa do ano 1066. Trala morte do rei Edward o Confesor, aconteceu a brutal loita sucesoria na que o autor sitúa a acción e a participación galega na urde de acontecementos. O cometa Halley apareceu nese mesmo ano e será tomado como signo propicio cara á conquista da Gran Bretaña por Guillerme de Normandía. 264 págs. Encuadernación: Capa mol. Lingua: GALEGO

² Andrés J. Pena Graña/ André Pena, MA, Ph.D. in Ancient History and Archaeology, is the Dean of the Galician Institute for Celtic Studies and the Historian, Archaeologist and Archivist of the City of Narón, north west Galicia.

<http://andrepnagranha.wordpress.com/2013/08/07/la-amoura-y-el-caballero-revisitado-por-andre-pena-granha/>
<http://andrepnagranha.wordpress.com/biography-2/>

³ Pena G. André <http://www.calameo.com/read/001292957d04ee420da9a> p21 e ss



o seu eixo de poder non debían facelo de calquera xeito. Non, cumpría facelo dentro da observancia do rito. Este rito era antigo, mesmo arcaico xa daquela, mais era o tal para garantir tanto as condicións de idoneidade simbólica do novo solar como a lexitimidade do poder que emanaría da nova construción.

O ritual aparece perfectamente expresado nunha lenda local vixente inda en Salisbury segundo a cal foi lanzada unha frecha dende o alto do castelo. Aló onde, pola graza de Deus, caíra sería onde debería erixirse a nova catedral. Un arqueiro armado cun *Long bow* ou arco longo de madeira do sagrado teixo, *yew*, apun-



*Detalle dos croios de sílex
na muralla interior*

tou alto, moi alto, e facendo renxer a extraordinaria madeira tensou ó máximo e logo liberou os dedos. Cun seseo de serpe partiu a frecha describindo unha gran camba no ceo gris. Comezou a baixar e cando xa ía tocar terra de novo, uníndoa así co ceo, aconteceu algo

extraordinario. O proxectil apañou un cervo que tiña aparecido de súpeto. Cangouse no seu lombo mais non o matou de vez. O animal, ferido de morte, percorreu correndo un par de millas até caer morto no lugar onde hoxe fica a catedral da vila de Salisbury.

A cuestión é que esta peza da etnografía local transfórmase en europea e atlántica mediante a "condensación" de tres grandes elementos do imaxinario do continente. A saber, o cervo como animal místico, a "caza salvaxe" e os ritos xurídicos posesorios mediante o uso de armas.

O proxectil actuaba como vector simbólico da forza moral e, por extensión tamén da social, do bispo. O seu uso implica, pois, a existencia dunha tripla acción —unha ideoloxía tripla— tan característica dos contextos culturais célticos.⁶

- Proxección da personalidade do aspirante, o bispo neste caso, cara a terra.
- Catalizador da vontade divina, actuando case que o xeito de "antena".
- Forma ou máis ben fórmula, de exteriorizar unha pretensión xurídica validando a súa consistencia formal nun contexto de solemnidade.

A Tradición, con letra capital, adoita funcionar en calquera parte ou sociedade como "centro de recursos", fonte de homologación de calquera predicado que pretenda invocar un valor social. Así, mediante o expediente do cotexo co repertorio de formas, ou fórmulas, tradicionais a comu-

⁴Tenreiro Bermúdez, Marcial. Universidade da Coruña, Humanities, Faculty Member

Cfr.: https://www.academia.edu/209966/Throwing_the_spear_a_legal_ritual_in_a_Spanish_Chronicle_of_the_XV_century_and_their_parallel_spanish_text

Cfr.: <http://es.scribd.com/doc/33187767/La-lanza-en-La-Tierra-Rituales-Juridicos-de-toma-de-Posesion-entre-la-Antiguedad-y-la-Edad-Media-Marcial-Tenreiro-Bermudez>

⁵<http://archaeoethnologica.blogspot.com.es/p/quem-sou-eu.html#uds-search-results>

⁶Cfr. Pena Granha, A. p.136 e ss. <http://www.calameo.com/read/001292957d04ee420da9a>



nidade dispón dun método de verificación e integración de contidos estandarizado.

Neste caso a lenda comeza como un relato que apela á categoría ben establecida de acceso á condición de señor dun territorio mediante a proxección sobre este dunha arma, como vemos na obra de Tenreiro. Despois introduce outro plano que ven definido pola irrupción do cervo no rol de ser místico, o cal actúa, no contexto cristián da época, como imaxe do corpo místico de Cristo. Isto ven demostrado nos bestiarios medievais, onde o cervo aparece combatendo ás serpes tal como o fillo de Deus combate ó mal⁷. Este recurso ó cérvido como avatar remite cara a terceira peza da composición, a "caza salvaxe" entendida como for-

mulismo de apertura da porta cara o territorio do "arciprestádego" máis antigo e poboado (ergo, o mais significado e proveedor de prestixio), o do mundo das ánimas dos que moran no Alén. A caza do cervo está relacionado ca posibilidade do ascenso destas cara o outro mundo.

Como probablemente xa fixeran todos os anteriores prebostes, probablemente dende o mesolítico, dada a importancia da caza e das armas, o bispo da vella Sarisburia medieval levou a cabo un rito de empoderamento que mediante a caza/sacrificio do cervo/Cristo actualizaba ou reeditaba, dentro dun contexto de continuidade, un xesto atávico e inmemorial. Un xesto no que o cervo aparece milagrosamente para autoin-

molarse en beneficio da comunidade, na máis pura ortodoxia animista. E por iso mesmo, un xesto que valía o mesmo que vale unha eucaristía.

Cervos e armas son precisamente un dos motivos máis conspicuos dos petróglifos galegos. Pode que Galicia conserve, unha vez máis, algunhas das claves que permitan comprender

mellor o significado histórico de lugares coma este de Old Sarum.

O noso agradecemento ó Prof. Marcial Tenreiro, polos seus valiosos e atinados apuntamentos ó respecto deste artigo. Efectivamente, tal



Algúns dos estoicos habitantes de Old Sarum inda gastan capa

como Tenreiro ten feito notar, o cervo nesta tradición semella "funcionar" como un animal guía, un ser que actúa de mediador na procura dunha visión ou significado transcendente. Neste aspecto o cervo tería un valor semántico dual, no sentido de que dunha banda estaría relacionado ca función psicopompa ou guía cara o acceso ó plano do Alén. Doutra o seu rol é claramente fundacional e xa que logo institucional, en tanto que catalizador do intre fundacional da Basílica Catedral e da cidade de Salisbury. En palabras de Tenreiro, "...mistura perfecta de dúas tradicións fundacionais a de proxeitar una arma (relacionado con rituais jurídicos) e a do animal condutor". (Comunicación persoal)

⁷Esta asimilación provén do antecesor dos bestiarios medievais, o Physiologus, de autor descoñecido e tamén da "recepción" ou versión que desta obra fixo San Epifanio de Salamina.

Tamén pode ser moi interesante a consulta destes materiais aportados polo prof. Tenreiro:

Artigo de Alfredo Erias no Anuario Brigantino sobre a caza do Javarim na Idade Meia
<http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1999PDF/1999%20317-378%20jabali%20Erias.pdf>

Sobre as lendas de animais guías. Segundo volume da tese do etnógrafo bretão Joe Hascöet. Capítulo sobre o animal guía desde a Antigüidade ás lendas hagiográficas medievais, e que especialmente lle dedica un apartado ao Cervo (p. 611-613 da tese; p 189-191 do pdf).

http://hal.archives-ouvertes.fr/index.php?halsid=2lj3nnvkfgai9ddoefcunqlou5&view_this_doc=tel-00550144&version=1



"II XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA"

O pasado mes de febreiro celebrámos as "II Xornadas sobre o Entroido de Galiza", organizadas pola Sociedade Antropolóxica Galega coa colaboración do concello de Pontevedra. Ademais das conferencias para afondar máis no coñecemento dunha das festas de maior arraigo da nosa cultura, púidose visitar a exposición do Entroido en Galiza que montamos co gallo destas xornadas.

Programa

II Xornadas sobre o ENTROIDO de GALIZA

20 e 21 de febreiro de 2014
Casa das Campás

Organiza:
Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)
<http://antropologiagalga.org/>
<http://www.ciudadantropologica.galga.wordpress.com/>

RELATORIOS:

Xoves 20

- 18:00h. Apertura das xornadas
- 18:15h. Xosé Anxo Rosales e Rafael Quintía: "Proxecto de recuperación do Entroido tradicional de Marcón"
- 19:00h. Olimpio Arca: "Os Xeneais do Ulla"
- 19:30h. Pablo Carpiñeiro: "O son no Entroido tradicional galego"
- 20:15h. Félix Castro e Miguel Losada: "Semblanza de Francisco Afel. In memoriam"
- 20:45h. Presentación das Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galiza
- 21:00h. Mesa redonda e coloquio

Venres 21

- 18:00h. Presentación dos poemas
- 18:15h. Antonio Reigosa: "O Entroido enmascarado: A vida vence á morte"
- 19:00h. José R. Núñez-Varela: "O Entroido das Mariñas das Candeas"
- 19:45h. Carme Pernas: "Entroidos singulares da provincia de Lugo"
- 20:30h. Mesa redonda e coloquio final

EXPOSICIÓN:

"O Entroido en Galiza"
Do 20 ó 21 de febreiro de 17:00 a 21:30 horas

II Xornadas sobre o ENTROIDO de GALIZA

20 e 21 de febreiro de 2014
Casa das Campás

Relatorios de 18:00 a 21:30 horas

Exposición "O Entroido en Galiza" de 17:00 a 21:30 horas

Colabora:

Organiza:
Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)
<http://antropologiagalga.org/>

AS "II XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA" NA PRENSA

Entrevistas e reseñas de prensa publicadas co gallo da celebración das "II Xornadas sobre o Entroido de Galiza", organizadas pola Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA). Ademais das Xornadas, falamos do traballo de recuperación que estamos levando a cabo dende a SAGA.

Diario de Pontevedra.
Entrevista a Rafael Quintía, presidente da SAGA

RAFAEL QUINTÍA PRESIDENTE DA SOCIEDADE ANTROPOLÓXICA GALEGA (SAGA)

► O pontevedrés participou onte nas II Xornadas sobre o Entroido de Galiza para explicar xunto a outro membro da SAGA, Xosé Anxo Rosales, o Proxecto de Recuperación do Entroido Tradicional de Marcón

«O Entroido é sagrado ata para os emigrados»

TEXTO: LORENA J. BARRAL
FOTOGRAFÍA: ALBA SOTELO

A CASA das Campás acolleu onte a inauguración das II Xornadas sobre o Entroido de Galiza. Ademais dunha exposición de máscaras e outros elementos que caracterizan aos personaxes típicos do Entroido galego, as instalacións acolleron unha serie de charlas que continuarán durante todo o día de hoxe. Unha das conferencias correu a cargo de Xosé Anxo Rosales e Rafael Quintía, que falan sobre un proxecto de recuperación do Entroido típico de Marcón. Ambos son membros da sociedade organizadora, a SAGA.

Semella que a primeira edición, celebrada en 2013, funcionou. De non ser así, non o faríamos este ano. Houbo moita receptividade por parte da xente e isto animounos a continuar, ademais, estas cousas requiren tempo para que valian obtendo máis dimensión. O Entroido é unha temática tan ampla que poden requirirse moitos anos para analizala. De feito, este ano hai máis conferencias. Aumentamos tamén en espazo a exposición, xa que aumentou o número de máscaras. Poucas veces poden verse tantas máscaras coñecidas e non coñecidas de Entroido xuntas. Nin se quera no Museo do Pobo Galego.

En que consiste o Proxecto de Recuperación do Entroido Tradicional de Marcón?

Este é un traballo moi serio de recollida de material na parroquia de Marcón sobre a tradición do Entroido de hai catro ou cinco décadas. Descubrimos que se celebraba con personaxes ben marcados, con todo un ritual no que se ía polas casas da aldea con música, cunha danza específica que se facía diante das casas antes de pedir cartos. Os danzantes levaban uns traxes brancos, uns gorros con cintas de cores, castañolas coas que marcaban o ritmo cando bailaban... Estamos intentando involucrar ás asociacións de Marcón para a promulgación deste Entroido na propia vila de Pontevedra. De feito, en Marcón había un día do Entroido no que se ía a parroquias veciñas e a Pontevedra.

Por que se perdeu?

Perdeuse, como moitas cousas da cultura tradicional, polos cambios da sociedade, a globalización, porque o mundo rural (vese claro nas parroquias limítrofes de Pontevedra: Marcón, Torneza ou Salcedo, que son parroquias periurbanas) difumínase pouco a pouco. Tanto cambio fai que as tradicións se perdan, pero estaban vivas hai nada. Hai zonas do interior, por exemplo en Ourense, onde o



O Entroido de Pontevedra ten máscaras semellantes ás de lugares como Italia, Suíza ou Eslovenia»

Entroido se vive tanto que unha persoa pode non estar no Nadal, pero non falta no Entroido. Este é sagrado aínda que se estea emigrado. É a festa máis importante das festas de inverno en Galiza. Ten algo que envexar o Entroido da comarca de Pontevedra ao do resto de Galicia?

É unha cuestión de marketing, non hai un Entroido mellor que outro. Sempre gusta poñer etiq-

quetas e hai esa competencia, hai xente que discute sobre que máscara é a mellor. O que temos aquí é moi similar ao que temos noutras partes como poden ser Italia, Suíza, Eslovenia... Son as mesmas máscaras e personaxes moi similares. É unha festa moi antiga. Na comarca temos tamén as nosas particularidades: as madamas e os galáns, un Carnaval urbano en Pontevedra... cada un é diferente pero son todos moi semellantes. Non é que teñamos nada que envexar, nin ningún debe envexarnos a nós.

① SABER MÁIS:
Calcea de Entroido. Everest, páxinas 4-5.
Harinas e homigas de Entroido, páxina 66.



"OS VELLAS ENTROIDOS QUE VEÑEN": ENTREVISTA NO PORTAL "CULTURAGALEGA.ORG"

Unha entrevista realizada a Rafael Quintía dende o portal Culturagalega.org co gallo das "II Xornadas sobre o Entroido de Galiza".

culturagalega.org | CONSELLO DA CULTURA GALEGA



Cada vez son máis a iniciativas que pulan por recobrar festas de Entroido por todo o país. A volta do Merdeiro de Vigo, o Entroido Ribeirao de Lugo ou o retorno a Compostela dos

Xenerais do Ulla son só algúns exemplos recentes dunha tendencia cada vez máis forte. No entanto, a ansia de espectáculo ou o excesivo particularismo poden deturpar estas celebracións. Rafael Quintía, da Sociedade Antropolóxica Galega, fala con nós sobre estes procesos ao abeiro da II Xornadas sobre o Entroido en Galicia.

O interese polo Entroido tradicional está a medrar. Ben o saben desde a Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) que viron como a asistencia ás súas II Xornadas sobre o Entroido, que se celebraron a pasada semana en Pontevedra, medrou. Segundo apunta Rafael Quintía, antropólogo e presidente da asociación, este encontro "Cada vez está a espertar máis interese", e salientan a necesidade de análises deste tipo sobre unha das nosas festas máis populares. "Pensamos que está todo feito e no entanto está todo aínda por facer. Hai moi poucas monografías sobre o tema e unha variedade inmensa de festas". Con vistas a paliar este baleiro é que se desenvolveu esta iniciativa, que este ano abordou, entre outras cuestións, a música destas festas ou a recuperación do Entroido Riberao, no Sur de Lugo.

Recuperacións

Para alén do interese polos antigos entroidos, desde SAGA verifican unha tendencia crecente a recuperar estas celebracións por todo o país. "Existen particu-

laridades a nivel local e parroquial, mantéñense en moitos lugares e alí onde se perdeu aínda vive xente que os lembra", sinala Quintía. Isto abre unhas posibilidades para o revitalizar a festa que, segundo, reconece, "aproveita moita xente. Hai toda unha corrente de recuperación da cultura tradicional que tamén é unha reacción á globalización". Entre os exemplos dos últimos anos temos a recuperación dos Xenerais do Ulla para o Entroido compostelán, os merdeiros de Vigo ou os troteiros de Bande entre moitos outros.

A vertente urbana

Malia a esta tendencia, os investigadores da SAGA advirten que "seguen a se facer cousas absurdas. Este ano en Cangas anunciouse un Entroido veneciano. Cando temos entroidos fascinantes por descubrir e recuperar, replicamos os de fora". Na axenda próxima atopamos tamén casos como a representación Entroido de Tenerife que visita Sada. Esta tendencia a imitar outros carnavaís non é nova e pódese verificar nos entroidos urbanos do país, que manteñen desde os anos oitenta o esquema de desfiles de disfraces e de grupos de música e baile copia-



dos de Europa ou do Brasil.

Fusión

Precisamente en ocasións dáse unha fusión que sitúa as máscaras e traxes galegos no marco de celebracións deste tipo. "Facer desfiles con máscaras tradicionais como se fosen de comparsas e converter o Entroido nun espectáculo turístico é desvirtualo. Non cómpre forzar algo que xa é vistoso e espectacular por si", advirte este antropólogo. No entanto, sinala que "non ten moito sentido converter o Entroido nunha atracción. Ver un desfile cigarróns ou ir a Laza e protestar porque te manchen non ten moito sentido. Do que se trata é de xogar, correr ou facer farrapadas, é algo participativo". Fronte a estes modelos nos que as figuras tradicionais se integraron en programas de carácter máis urbano, Quintía apunta que "en Vigo fíxose un traballo moi bo co Merdeiro, cunha investigación previa e sen o integrar coas comparsas, a evitar facer diso un espectáculo".

A promoción turística

O recoñecemento internacional que están a acadar festas como as de Xinzo e Verín, co seu correspondente fluxo de turistas, fai que en ocasións as propostas de recuperación de Entroido se fagan pensando en atraer visitantes foráneos. Isto, advirte Quintía, pode deturpar a festa tradicional. "Desde os medios poténciase a imaxe de Entroidos como os desa construción que é o Triángulo Máxico de Ourense", unha denominación promocional que non se corresponde coa realidade tradicional dunha área na que se conservan moitas máis formas da celebración. Esa promoción dá en ocasións en procesos de imitación e levan a propostas como as xa comentadas. Tamén existe o caso de iniciativas como a Festa da Pita de Ourense ou as Gárgolas de Celanova na que se crean novas máscaras que, ao tempo que implican a poboación local, outórganlle tamén un elemento diferenciador á festividade.

O espectador crea o espectáculo

Mesmo sen optar por este tipo de fusións, a promoción turística dos eventos acaban por influír no xeito no que se celebran as festas. A imaxes dos peliqueiros a se abrir camiño por unha Laza ateigada de turistas dan boa idea desta transformación. Segundo explica Quintía, "son festas locais, e se aparecen nunha aldea 5.000 persoas a ollar como o fas, iso condiciona o xeito de actuar. É como se na cea de Noiteboa na túa casa aparecen cen persoas a ollar como ceas, ao final si que se convirte un pouco en espectáculo. É certo que hai que integrar estes entroidos nos tempos actuais e dalos a coñecer, pero sen os desvirtuar".

Entroidos pendentes

Para alén de festas que recuperar, Quintía está convencido de que fican aínda moitas festas por descubrir, tanto para a investigación como para o público. "Ao se converter algúns en espectáculo a xente olla tamén cara a outros lugares menos masificados. Agora, por exemplo, semella que están a ter algo máis de visibilidade os entroidos ribeirais, que son espectaculares e manteñen elementos moi autóctonos". A maiores, destaca "os entroidos de Trives, Manzaneda ou Viana, que me fascinan. Fan grandes foliós con danzantes que xiran sobre si mesmos ao ritmo da percusión, é algo moi pouco coñecido. Tamén en Viana teñen os foliós e os boteiros e sacan a figura da mula".

Particularismo

En paralelo á tendencia a recuperar as peculiaridades de cada Entroido, dáse tamén unha certa atomización dos esforzos por comprender a festa en conxunto, intercambiar experiencias e promocionala. "A xente tende a pensar que o seu Entroido é único e que non hai nada semellante en ningures, e no entanto o Entroido galego ten trazos semellantes a moitos outros do Estado e de Europa", advirte. Un parentesco



que é, ao tempo, unha oportunidade de difusión. "Nós cedemos fondos para o Museo das Civilizacións Europeas de Marsella, e agora mesmo hai alá unha exposición que ten como imaxe un cigarrón". Polo momento, segundo sinalan desde SAGA, o noso Entroido "é pouco coñecido fóra, pensamos que as cousas de cada lugar non teñen que ver con outras e entón non damos unha visión de conxunto, e isto ten un potencial cultural enorme". Segundo Quintía, "Potenciar o Entroido galego non é levar uns cigarróns e sacar unha foto no stand de FITUR. Cómpre unha actuación decidida das administracións, neste momento aínda non temos un Museo do Entroido, que é fundamental para que se coñeza".



*Labrego do entroido de Marcón.
Ilustración de Francisco Sutil*

A práctica: Marcón

Para alén da teoría, a SAGA quere contribuír tamén na recuperación das festas máis próximas. As Xornadas sobre Entroido acolleron a

presentación do proxecto de recuperación do Entroido de Marcón, en Pontevedra, na que está involucrado este colectivo. "É unha idea que temos que desenvolver ao longo do vindeiro ano e para a que é imprescindible a colaboración dos colectivos locais. O etnógrafo Xosé Anxo Rosales fixo recollidas na parroquia e viu que ata os anos 60 había un Entroido tradicional que tiña toda unha serie de personaxes como os labregos, que levaban un traxe branco, un estoque, un mantón e un sombreiro cónico e danzaban fronte a un boneco. Percorrían as casas da parroquia pedindo polas casas, e aínda hai persoas que os lembran e se poden reconstruír os personaxes, os traxes e todo". A intención da asociación, sempre a contar coa participación dos veciños, e recuperar esta festa e, como se facía cando estaba activa, levala tamén ata o centro de Pontevedra nun dos días de Entroido. "Fai falla que haxa veciños que queiran coller ese testemuño e lle dean sentido. Senón estaríamos a facer unha recreación", conclúe. Quizais para o vindeiro ano haxa que engadir un novo Entroido á lista dos que están de volta.

NOTA ACLARATORIA:

Coñecedor da sensibilidade que hai cara ás distintas máscaras do Entroido galego e as súas particularidades, quero corrixir un erro que figura no texto do artigo: a imaxe que ilustra a fachada e o cartaz da exposición no Museo das Civilizacións Europeas de Marsella é un PELIQUEIRO e non un CIGARRÓN. Dito queda.



RESUMO FOTOGRÁFICO DAS "II XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA"



Rafael Quintía e Xosé Anxo Rosales



Conferencia de Pablo Carpintero



Pablo Carpintero



Rafael Quintía, Miguel Losada e Félix Castro



Conferencia de Miguel Losada e Félix Castro



Conferencia de Antonio Reigosa




Conferencia de José R. Núñez-Varela



Antonio Reigosa



José R. Núñez-Varela



Conferencia de Carme Pernas



Carme Pernas

Fotografías:
Miguel-Ángelo
Bieites e
Antonio Vázquez



COLECCIÓN DE PEZAS DA EXPOSICIÓN "O ENTROIDO GALEGO"

OBXECTIVO DA EXPOSICIÓN:

Achegar á cidadanía unha nutrida mostra da riqueza do noso Entroido (en canto a personaxes, celebración, simbolismo, ritos e expresións culturais bencelladas a este ciclo do ano que hoxe coñecemos como Entroido) de xeito que o visitante poda descubrir uns dos alicerces fundamentais da nosa cultura tradicional e do que supón en todo o continente europeo o ciclo das Festas do Inverno.

CONTIDOS DA EXPOSICIÓN:

- Mostra de traxes representativa dos distintos entroidos de Galicia, incluíndo algúns elementos do entroido urbano.
- Mostra do proceso de fabricación dunha máscara de Cigarrón. Inclúe video didáctico.
- Mostra de instrumentos musicais típicos do Entroido galego.



Traxe de Maragato



*Viúva e viúvo do loro Ravachol
(Entroido urbán de Pontevedra)*

-Mostra de fotografía do Entroido galego (30 fotos)

-Colección de videos breves nos que se amosan diferentes expresións do noso Entroido.



Mula de Viana do Bolo



*Reprodución do loro
Ravachol de Pontevedra*



*Traxes de Madama e Galán
(Entroido de Vilaboa)*



*Traxe de Merdeiro
(Entroido de Vigo)*



*Traxe de Cigarrón
(Entroido de Verín)*



*Traxe de Labrego
(Entroido de Marcón,
Pontevedra)*



*Traxe de Peliqueiro
(Entroido Ribeirao)*



*Traxe de Volante
(Entroido Ribeirao)*



*Traxe de Felo
(Entroido de
Maceda)*



*Traxe de Pantalla
(Entroido de Xinzo
de Limia)*



*Corno de Vergalleiro, bastón de Felo e zamarra de
Peliqueiro*



*Máscara, chocas e zamarra:
os tres elementos dos cigarróns e
peliqueiros*




Máscaras de pan



Traxe de Cigarrón para neno



*Gorra do Presidente do
Entroido de Hio*



*Ola de xogos do
Domingo oleiro*



*Proceso de fabricación dunha máscara de
Cigarrón*



Proceso de fabricación dunha máscara de Cigarrón



Mostra de instrumentos musicais típicos do Entroido





PRESENTACIÓN EN VILABOA DE "AS MADAMAS E O SACRIFICIO DO GALO": CADERNO Nº1 DA SAGA

Continuado coas nosas actividades divulgativas do Entroido galego, o venres 28 de febreiro ás 19.30h presentamos na Casa da Cultura de Riomaor (Vilaboa) o traballo do compañeiro Xosé Anxo Rosales "*As madamas e o sacrificio do galo*", primeiro número da nosa colección Cadernos da Sociedade Antropolóxica Galega.



CONFERENCIA DA SAGA SOBRE O ENTROIDO

O Martes de Entroido, día 4 de marzo, os compañeiros da SAGA Rafael Quintía e Xosé Anxo Rosales deron unha conferencia sobre o Entroido galego no centro social Revira. A palestra leva por título "*Vida e apoteose do Entroido*".

A SAGA APORTA PARTE DOS SEUS FONDOS DOCUMENTAIS PARA UNHA EXPOSICIÓN DO MUCEM. O MUSEO DAS CIVILIZACIÓNS DE EUROPA

O Mundo do revés é o título da nova exposición que terá como escenario as instalacións do MuCEM, en Marseille, Francia. Esta institución abriu as súas portas en xullo do ano 2013 co gallo de servir como a casa escarparate das manifestacións culturais da Cultura e as Civilizacións de Europa..

Os integrantes da SAGA levamos moitos anos investigando e documentando os entroidos de Galicia como unha parte insustituíble e esencial para entender o contexto europeo das festas



da invernia do noso continente. O traballo dos colaboradores e investigadores da SAGA a prol da Cultura de Galicia foi recoñecido e considerado valioso polos responsables de contidos do museo que o consideraron interesante para axudar a coñecer, dun xeito mais exhaustivo, a


realidade cultural e tradicional dos pobos europeos. Isto, evidentemente, é un mérito da nosa



cultura e da súa excepcional calidade e fondura de contidos que nun tempo mesmo estiveron no centro mesmo das dinámicas expresivas e creadoras das terras que marxean as costas occidentais da vella Europa.

Así, dende hai máis dun ano, temos estado traballando xunto ca conservadora xefa do MuCEM, Marie Pascal Mallé, e outros traballadores do MuCEM, como a Sr^a. Anne André, co albo de que as festas da invernia galega estiveran presentes en pe de igualdade cas do resto dos países da UE.

Pois ben, grazas ó bo facer do fotógrafo da SAGA Pedro G. Losada a cultura de Galicia, por medio dunha das súas iconas mais salientables, ondea a todo trapo na fachada do Museo das Civilizacións de Europa. Para a SAGA resulta apropiado falar de Cultura e Civilización galegas, niso andamos.



Desta volta anunciamos que xa está dispoñible o catálogo da exposición en cuxos créditos ten a honra de figurar a Sociedade Antropolóxica Galega SAGA e, nomeadamente, o fotógrafo e autor audiovisual Pedro G. Losada como artífice das imaxes e documentos que foron escollidos pola institución francesa como imaxe de marca da exposición *Le monde à l'envers*. Poden visitala até o vindeiro día 4 de Agosto deste ano 2014. Teñen cumprida información o respecto no blog e facebook da SAGA.

Deixamos aquí a portada do *Dossier pédagogique* que serve de introdución a esta fundamental exposición.

Visiten pois se poden e lles apetece a fermosa cidade da Galia Narbonense cuxa bandeira será neste ano, un chisco máis branca e azul.

PRESENTACIÓN DO LIBRO "VENTO E CHUVIA" NA LIBRARÍA TORGA

No pasado mes de marzo tivémo-lo pracer de colaborar na presentación do excelente libro do profesor Manuel Gago Mariño, *Vento e Chuvia*, amplamente coñecido xa dentro e fóra de Galicia. O compañeiro e Secretario da SAGA Miguel Losada tivo a honra de introduci-lo autor nun dos lugares máis emblemáticos do libro en galego de Galicia: A librería Torga en Ourense.



Logo das intervencións de ámbolos dous, houbo un interesante coloquio no que tamén participaron amigos e colaboradores da SAGA como Xosé Antonio Gavilanes —que pronto será pro-

tagonista no Boletín Caderno de Campo da SAGA— e de artistas e tamén amigos como Paco Boluda.

Precisamente da man do propio Paco Boluda o noso compañeiro Miguel Losada tivo a oportunidade de sentirse, con máis propiedade, un guerreiro galaico da Idade do Ferro. Capacete, escudo e espada de perfecta feitura foron quen de inducir óptimas sensacións ó improvisado e afortunado portador destes magníficos complementos. Iso permitiu que a presentación do autor do libro fose creando o ambiente preciso para que, a seguir, os deuses e



deusas da Idade do Ferro —verdadeiros protagonistas da sesión— fosen presentados polo propio autor do libro. Ademais, Manuel Gago fixo unha maxistral introdución ó contexto histórico analizado neste máis que recomendable volume

Lamentablemente este local da Rúa da Paz desta cidade xa non abre as súas portas. Xa non se poderá tomar un café ou un té mentres se merca un libro, nin se poderá tampouco facer calceta, tal como acontecía regulamente, ó abeiro das letras galegas.

O exitoso proxecto de Xavier Paz á fronte deste local chegou ó cabo dunha etapa. O proxecto debe reinventarse baixo o sino dos tempos e acenos actuais. A Editorial Difusora das Letras que dirixe Xavier Paz continúa a súa andadura, mais agora doutro xeito.

Literatura

2 Por segundo día consecutivo la librería Torga de la capital acogió un acto literario. El escritor Manuel Gago presentó su libro *Vento e chuvia. Mitoloxía da Antiga Gallacia*. El libro, de Xerais, está ilustrado por Manuel Cráneo y trasladada al lector hasta la Edad de Hierro. La obra habla de las antiguas historias que se contaban en los castros sobre los dioses que poblaban la antigua Gallacia.



Reseña en El Progreso



O Secretario da SAGA Miguel Losada xunto ó autor Manuel Gago e ó colaborador da SAGA José Gavilanes

O EFECTO ALICORNIO

Nestes meses pasados ten iniciado a súa andadura o novo libro do antropólogo Rafael Quintía Pereira, compañeiro e Presidente da SAGA.

Varias presentacións teñen sido levadas a bo porto co gallo desta nova edición da sección editorial da SAGA e unha das consecuencias máis interesantes que temos constatado e que nos prestan especialmente, tanto ó autor como ó resto dos membros da Sociedade Antropolóxica Galega, son as accións de empoderamento levadas a cabo pola sociedade galega. Non pode haber mellor referendo para a obra dun autor que a apropiación por parte da sociedade das propostas suxeridas. Tampouco pode haber mellor proba do atinado destas que a constata-



Algún dos alicornios "durmintes" que saíron á luz a raíz da publicación do libro

ción do "eco" social, ou *feed back* se queren, recibido como consecuencia delas.

Poderíamos poñer varios exemplos de "alicornios durmintes" que acordaron en vilas e pobos por toda Galicia. Velloso rochos, arcas e caixóns foron explorados polos seus propietarios despois de décadas de esquecemento.

Mais houbo dúas ocasións que entendemos dignas de expor neste Boletín Caderno de Campo da SAGA.

En efecto, tivemos como colectivo a honra de asistir ó nacemento dun motivo inédito dentro do contexto do Entroido Galego no que ben que nos presta consumir tantas horas de investigación e análise. Dito motivo é nada menos que o



propio animal unicornio, orixe mítica do alicornio galego. Así, na vila de Verín, da iniciativa dun cigarrón e da man do coñecido facedor de Carautas o señor "Lelo" de Laza e do prestixioso Manolo Garrido de Sarreaus —pintor das mitras nas que se asentaban os motivos centrais variables destas verdadeiras obras de arte— neste Entroido 2014 xurdiu, ou rexurdiu, o fascinante motivo do alicornio.

Outra anécdota dentro deste proceso que poderíamos chamar "efecto alicornio" ocorreu cando a fotógrafa artística Sue Rainwon —influída seguramente polo influxo que o mito produce en todos nós— propuxo ó autor do libro fotografalo convertido el mesmo nun unicornio.

Tamén como consecuencia doutra presentación, a do xa desaparecido local A corte dos Bois, na Limia, xurdiu outra curiosa intere-

sante e succulenta aplicación deste motivo tradicional galego que Rafa Quintía rescatou do esmorecemento no que ficaba. Trátase dun produto que inda non podemos revelar xa que inda non está no mercado mais do que tamén habemos de dar conta nalgúns dos vindeiros boletíns. Polo de agora iso é todo o que a nosa responsabilidade nos permite dicir. Permanezan pois atentos xa que abofé que sabemos que a cousa vai ser de moito interese nun país coma o noso.



RESENTACIÓN DO LIBRO "ALICORNIO" EN FOZ

Mariña Patrimonio, unha das organizacións socioculturais do país máis activas e que máis está facendo a prol da divulgación e da conservación do noso patrimonio, organizou este acto que tivo lugar o pasado 15 de febreiro no Centro de Interpretación da Mariña (CENIMA).



WEB DE MARIÑA PATRIMONIO:
<http://mrpatrimonio.blogspot.com.es/>





PRESENTACIÓN DO LIBRO "ALICORNIO" EN ARTEIXO

O sábado 15 de marzo ás 18h presentouse no Centro Cívico Cultural de Arteixo o libro editado pola SAGA "Alicornio. O poder do corno de unicornio na medicina tradicional galega", do



antropólogo Rafael Quintía. O acto foi organizado polos amigos da A.C. Monte da Estrela.

PRESENTACIÓN DO LIBRO "ALICORNIO" EN COMPOSTELA



O mércores 2 de abril ás 19.30h presentouse na librería Couceiro de Santiago de Compostela o libro "Alicornio" de Rafael Quintía. Para esta ocasión o acto contou coa participación da querida Alicia López, escritora e directora do programa literario "O sombreiro de Merlín" de Radio Obradoiro e do compañeiro da SAGA Miguel Losada



O LIBRO "ALICORNIO" EN EL CORREO GALLEGO

Publicado O día 23 de abril en El Correo Gallego.






PRESENTACIÓN DA MONOGRAFÍA "O USO DAS PEDRAFITAS NO NEOLÍTICO GALEGO"

O pasado venres 21 de marzo ás 20h presentouse na Galería Sargadelos de Pontevedra o libro "O uso das pedrafitas no neolítico galego", de X. Alberte Alonso.



Fotografías de João Bieites



AS PEDRAFITAS NO FARO DE VIGO: ENTREVISTA AO COLABORADOR ALBERTE ALONSO

Entrevista realizada ao colaborador da SAGA Alberte Alonso co gallo da publicación do libro "O uso das pedrafitas no neolítico galego", primeiro número da colección de monografías da Sociedade Antropológica Galega.

FARO DE VIGO
MARTES, 25 DE MARZO DE 2014

ALBERTE ALONSO ■ Autor de "O uso das pedrafitas no Neolítico galego"

"En Galicia ya hay cerca de un centenar de menhires descubiertos y más que aparecerán"

Solo en la provincia se catalogaron oficialmente 26 de estos monumentos prehistóricos

SUSANA REGUEIRA ■ Pontevedra

Señalizadores de necrópolis, elementos para la observación de los astros, monumentos a la fertilidad... Solo en la provincia de Pontevedra se contabilizan oficialmente por el momento 26 menhires, algunos ubicados en el mismo municipio de la ciudad del Lérez (caso de los de Monte Lourado, Monte das Croas y Cerponzóns), y numerosos más en Cuntis, Moraña, Sanxenxo, Marín, Pontecaldelas, A Lama... Son los hermosos monumentos prehistóricos a los que se dedica la obra "O uso das pedrafitas no Neolítico Galego", que Alberte Alonso presenta en colaboración con la Sociedade Antropológica Galega.

«Las pedrafitas son lo que conocemos como menhires?»
«Sí, son conocidos universalmente como menhires, que es un término británico en donde "men" quiere decir piedra e "hir" largo, es decir, piedra larga. En Galicia tenemos nuestra traducción propia que es pedrafitas, pedrahita en castellano.

«¿Es Galicia rica en este tipo de monumentos megalíticos prehistóricos?»
«Sí, siempre lo ha sido, lo que sucede es que no estuvieron considerados como tales, en los últimos tiempos las investigaciones que se vienen realizando demuestran que sí, que hay una importante concentración, que abundan más de lo que se había constatado hasta hace unos años.

«¿Eran confundidos?»
«Sí, ese fue el problema, eran confundidos, malinterpretados y hasta maltratados por la mano,



El investigador de los menhires gallegos Alberte Alonso. ■ Gustavo Santos

entre comillas, del oficialismo que en ocasiones no reconoce el verdadero monumento, en el sentido de que porque algunas de ellas no inchoyan "coviñas", epígrafos o marcas no son considerados como tales menhires. Ahora en los últimos tiempos hay un equipo de aficionados, antropólogos, arqueólogos e historiadores que han constatado que los menhires existentes duplican o triplican incluso el número que se había previsto, en estos momentos en Galicia ya hay cerca de un centenar de menhires descubiertos y más que irán apareciendo en los próximos años. De hecho esos investigadores cada

poco tiempo estamos revisando ese número, pateando los montes en busca de menhires y cada poco tiempo se están descubriendo nuevos ejemplares.

«¿Para qué se hacían? ¿Cuáles eran las funciones de los menhires en la cultura del Neolítico?»

«Dentro del gran mundo de los menhires tenemos que considerar varias tipologías, las que yo propongo en este libro "O uso das pedrafitas no Neolítico galego" que estamos

presentando la Sociedade Antropológica Galega y yo son que tenemos unos menhires de observación astronómica, otros fálicos, otros estelas-menhires, otros que son estatuas-menhires, otros menhires ófalos y finalmente las que tienen otro tipo de funciones. Las de observación astronómica sirven para registrar los equinoccios y solsticios (para qué servía esto? Pues nos tenemos que remontar al Neolítico, unos 6.000 años atrás, el hom-

bre del Neolítico, al desculturar los cultivos y simientes, ya es capaz de vivir de la agricultura y deja un poco de mano la caza, entonces se tiene que guiar de alguna manera y adelantarse a los ciclos de la naturaleza, a la llegada de las cuatro estaciones, hace miles de años esto era incipiente, se desconocía bastante las estaciones, y la observación astronómica hace como de calendario, un calendario solar, que señalaba equinoccios y solsticios para que esos hombres del Neolítico pudiesen ubicarse, centrarse bien en qué época del año se encuentra para llevar a cabo las diferentes tareas agrícolas de la época.

FICHA PERSONAL

■ Alberte Alonso Fernández (O Grove, 1961) es escritor, poeta e investigador de los menhires de Galicia. Presenta estos días su obra "O uso das pedrafitas no Neolítico galego", editada por la Sociedade Antropológica Galega (SAGA).

«¿Con qué se relacionaban los menhires fálicos?»
«Son sospechosos, recalco sospechosos, de cultos sexuales para la concepción, están relacionados con la fecundidad y la fertilidad. Después tenemos las estelas-menhires, que son ya más recientes, las estatuas-menhires, que también son la de la Edad del Bronce, los menhires ófalos, de la Edad de Hierro, quizás coincidiendo con la presencia celta en Galicia, y después otros menhires con otras funciones.

«¿Hay zonas específicas en donde se concentran?»
«Podríamos centrarnos en algunos lugares elevados si tenemos la suerte de encontrar menhires de observación astronómica, hay que tener en cuenta que estos menhires se ubican por lo general en lugares abandonados, altos, en los que se pueda comprobar el traslado solar, para que así el menhir sirviese para constatar los equinoccios y solsticios.



FOL DE VELENO 2014 NO "SOMBREIRO DE MERLÍN" DE RADIO OBRADOIRO

O sábado 5 de abril, saíu ás ondas o contido do programa "O Sombreiro de Merlín" no que presentamos o novo número do anuario **Fol de Veleno**, que fai xa o nº4º e que poden tamén solicitar directamente á SAGA para máis comodidade das persoas interesadas. Nesta ocasión estiveron no programa os membros da SAGA Miguel Losada, Rafael Quintía e acompañounos tamén no estudo de Radio Obradoiro o compañeiro Pedro G. Losada, fotógrafo oficial da Sociedade Antropolóxica Galega.



Texto de Alicia López, presentadora do Sombreiro de Merlín:

Miguel Losada, Rafael Quintía e o fotógrafo da SAGA Pedro G. Losada coa directora e presentadora do programa Alicia López

"Presentamos o nº 4 do Anuario "Fol de Veleno" da SAGA !!! As mellores voces da Antropoloxía e Historia de Galicia reunidas nesta publicación anual que xa está de novo nas rúas; farémonos eco tamén da presentación de "Alicornio" o último traballo de Rafa Quintía e presentamos o recoñecido traballo de Pedro G. Losada, un programa fantástico no Sombreiro do noso Mago."

A SAGA PARTICIPA NAS I JORNADAS DA MEMÓRIA

Coincidindo co día 25 de Abril, a SAGA acudiu ás actividades relacionadas coa recuperación da memoria da historia de sufrimento, penuria e inxustiza, compartida pola sociedade de ámbolas dúas beiras da raia durante os anos que seguiron ós tristes acontecementos do ano 1936.

Dionísio Pereira, Miro Martínez e Alex Rodríguez proporcionaron datos relevantes para comprendeela intensa e decisiva mobilidade

de persoas que, tanto no norte de Portugal como no sur de Galicia, houberon forzosamente de desprazarse entre as dúas beiras dun territorio que sempre posuía unhas características propias de diferente significado que as simplemente administrativas.

I Jornadas de Memória

"Portugal-Galiza: emigrantes e perseguidos"

- Sexta-feira, 25 de abril**
 - 20h00. Casa da Cultura de Ginzo de Limia.
 - Apresentación do libro** "Emigrantes, exilados e perseguidos. A comunidade portuguesa na Galiza (1890-1940)", de Dionísio Pereira (ATRAVER EDITORIAL).
 - Mesa Redonda** con Camilo de Dios, Dionísio Pereira, Miro Martínez Cerredelo e Alex Rodríguez.
 - Coral de Santa Mariña.
- Sábado, 26 de abril**
 - Roteiro** à Edreira con Camilo de Dios. 20Km. Saída: 10h00 de Ginzo de Limia, de Autocarro. Exago 15€ (comida+viagem). Para solicitar-se enviar sms ao 677575983 ou ao Facebook: "Jornadas de Memória, Portugal-Galiza: Emigrantes e Perseguidos".
 - "TERRA MORENA" ao vivo**. 22h00 no C.S. Aguilhoar.

Organizam:

pt- Associação Galega da Língua

Colaboram:

aguilhoar SAGA

A SAGA estivo aló para participar no coloquio posterior á presentación do libro de Dionísio Pereira e ás intervencións de Miro Martínez e Alex Rodríguez. Esta parte do acto tiña como punto forte a presenza de Camilo de Dios a quen, finalmente, non lle foi posible acudir desta volta. Tamén estaba prevista a participación da SAGA no roteiro do día 26, mais este foi adiado por mor das previsións meteorolóxicas que indicaban choiva durante os

vinte km de percorrido total polas serras de Queixa e San Mamede. Informaremos máis adiante, pois, desta participación da SAGA na compañía do famoso enlace, maquis e guerrilleiro antifranquista.



OS BUCHES, UNHA MÁSCARA "GALEGA" NO CARNAVAL DE LANZAROTE?

Por Rafel Quintía

É de sobra coñecido o carnaval de Tenerife, que cos seus desfiles e traxes de fantasía pouco ten que ver co noso Entroido tradicional galego, onde o simbólico non sucumbiu á forza da estética sinón que se uniron nun espectáculo apoteósico para os sentidos. Pero nas Illas Canarias existen outros carnavais menos coñecidos.

Unhas festas onde saen algunhas peculiares personaxes que semellan sacadas do Entroido galego e, quen sabe, se non é así certamente.



Os Diabletes de Tegui (Fonte: <http://www.teguise.es>)

lles vou falar hoxe Domingo Gordo de Entroido. Refírome aos Buches.

O encontro con esta máscara aconteceu no Museo Etnográfico Tanit (<http://www.museo-tanit.com/>), situado na vila de San Bartolomé e moi perto do xacemento arqueolóxico de Zonzamas, do que

falaremos en futuros artigos da SAGA. Pois ben, visitando este interesante museo privado descubrín, ademais da figura dos Diabletes de Tegui, un traxe de carnaval propio dos mariñeiros de Lanzarote. Esta máscara que me atrevo a chamar de Entroido, sae nas datas do carnaval lanzaroteño e se caracteriza por levar nas man o que semellan vinchas infladas coas que fan ruído e golpean a todo aquel co que se topan, de aí o seu nome: Los Buches. O traxe que, como verán ten un aire moi familiar, consta dos seguintes elementos:

- Máscara de rede cunha faciana pintada na que destaca o seu bigote revirichado
- Gorro adobiado de longas fitas de cores
- Pano atado no pescozo
- Camisa e pantalón brancos
- Chaleque azul
- Faixa
- Polainas negras
- Luvas brancas
- Como arma vinchas de peixe inflados e previamente secados ao sol



Museo Etnográfico Tanit

Hai uns meses tiven a oportunidade de visitar a marabillosa illa de Lanzarote cuxa paisaxe, dito sexa de paso, é unha das paisaxes máis espectaculares e telúricas de cantas podemos atopar no continente europeo. A parte de gozar da volcánica xeografía lanzaroteña e de coñecer *in situ* algúns dos xacementos arqueolóxicos máis interesantes do arquipélago canario tiven a sorte de toparme coa personaxe enmascarada da que

Non sei se a estas alturas xa se decatan de por



onde vou, pero o primeiro que se me viu á mente cando vin este traxe de Buche foi o traxe das Pantallas de Xinzo de Limia. As similitudes entre ambos os dous traxes son abraiante e se non vexan a descrición do traxe de Pantalla:



Traxe de Buche



Traxe de Pantalla

- Máscara de rostro bigotudo
- Longas fitas de cores
- Pano atado ao pescozo
- Camisa e pantalón brancos
- Faixa
- Cinto con campaiñas
- Polainas negras
- Luvas brancas
- E como elemento punitivo e sonoro, vinchas de vaca infladas e curtidas.

Tendo en conta que a cultura canaria é froito da mestura da cultura autóctona coas achegas dos conquistadores e colonos peninsulares, entre os que se atopaban non só casteláns senón tamén galegos e portugueses, e tendo en conta as similitudes estéticas entre a figura do Buche do car-

naval de Lanzarote e a da Pantalla do Entroido galego podemos barallar a hipótese dunha influencia ou achega dalgúns trazos do Entroido galego no carnaval lanzaroteño. O feito de que esta peculiar personaxe do carnaval de Lanzarote sexa un mariñeiro, sendo os galegos un pobo mariñeiro por excelencia, podería evocar quizais a eses contactos culturais entre galegos e lanzaroteños. Quen sabe se mariñeiros galegos levaron a Lanzarote algúns aspectos do Entroido ou quizais mariñeiros canarios coñeceron en terras galegas o noso Entroido, ou outros simirlares dos tantos que temos na Península. Sexa como fose, as similitudes están aí.

É salientable o feito de que en Lanzarote o carnaval sexa unha festa eminentemente mariñeira, aínda que tamén se celebra no interior da illa e coas súas correspondentes particularidades. As coplas populares fan referencia a esta orixe mariñeira do carnaval:

*"Desde que llega febrero,
los marinos van llegando
y para los carnavales,
los buches se van inflando",*



De igual xeito que acontecía cos mariñeiros de Bouzas (Vigo) e o seu satírico traxe de Merdeiro ou Escabicheiro, o traxe que usaban os mariñeiros lanzaroteños no seu carnaval —Buches— correspondía ás roupas da vestimenta típica do campesiño: polainas, chaleque, faixa, roupas brancas, ás que lles engadían luvas brancas, fitas de cores, a carouta con bigotes e as famosas vinchas de peixe infladas: os buches.

Non están moi claros as orixes desta festa e destas máscaras, de aí que se me permita a ousadía de relacionalas co Entroido galego, sobre todo polo significativo uso de vinchas infladas. O que si sabemos é que no 1890 o antropólogo René Verneau deixa constancia por escrito desta tradición do carnaval mariñeiro de Lanzarote:

"Durante el Carnaval, las calles de Arrecife presentan una animación que no hubiese sospechado viendo el silencio de muerte que allí reinaba unas semanas antes. Durante todo el día circulan grupos de mujeres y hombres disfrazados. El vestuario que se usa en estas mascaradas es el de los campesinos, que ya solamente llevan unos pocos viejos. Una careta de cartón completa el atavío. Los que no pueden permitirse el lujo de este disfraz se limitan, como hizo mi criado, a ponerse un pañuelo sobre el hombro o a llevar el cinturón al pecho. A la cabeza de cada grupo va gente de ambos sexos tocando la guitarra y cantando. El resto los

acompañan provistos de unas vejigas de pescado enormes, con las que golpean a todos aquellos que encuentren. A cada momento entran en las casas y se ponen a bailar hasta que se les haya servido un vaso de vino o de aguardiente. Desgraciado de aquel que rehúse aceptar esta costumbre. Enseguida asaltarán su casa (...)"



Buches



Vinchas de Pantalla




Traxe de Merdeiro

Outras personaxes fascinantes do carnaval lanzaroteño son A Burrita de San Bartolomé e os Diabletes de Teguiise.



Os Diabletes de Teguiise están considerados unha das tradicións máis antigas de Canarias. Segundo as interpretacións locais, a súa orixe esta na representación

*Diabletes de Tegui*

da loita entre o ben e o mal nas festas do Corpus. Cómpre lembrar e relacionar o que acontece e acontecía no noso Corpus, onde as figuras de dragóns —Cocas— e choqueiros eran habituais. No caso do Corpus de Pontevedra, no século XVIII, ademais da devandita Coca, tamén acompañaba á procesión o Centulo, sorte de demo e choqueiro que escorrentaba os nenos coa súa terrorífica carouta, o seu son de chocas e a súa diabólica gancha. Pero retomemos a descrición dos Diabletes de Tegui.

Portan estes diaños carouta de castrón tocado de longos cornos, visten traxe pintado con rombos e puntos vermellos e negros, calzan alpargata e sobre os ombreiros levan correas con campaiñas. Como se dun Centulo se tratase, os Diabletes asustan os nenos correndo detrás deles ao son das ruidosas campaiñas e armados dun pau —denominado "garabato"— do que colga un zurrón cheo de papel, terra e trapos. Chocas e látego —zamarra— son os atributos tamén dos nosos peliqueiros e cigarróns, entre outros.

En canto á Burrita, na vila de San Bartolomé, durante o carnaval, era costume pasear un

moneco dunha burra. Unha tradición moi similar ao que se fai coa Mula de Viana do Bolo ou ao que se fai coas representacións doutros animais como poden ser a Morena de Trives (unha vaca).

*A Mula de Viana do Bolo*

Sexa por contacto ou influencia galega —ou doutros pobos do norte peninsular onde hai entroidos similares— ou sexa por un proceso endógeno da propia cultura mestiza lanzaro-

teña, o feito de que abrolle nas Canarias unha máscara de carnaval tan semellante ás nosas Pantallas non deixa de ser algo fascinante...ben da súa propia construción cultural, ben dos contactos culturais entre pobos.

*Los Buches (Fonte: <http://www.ocholeguas.com>)**Pantalla de Xinzo de Limia. Foto de Pedro G. Losada*



VIAXE A UNHA GRAN CIDADE DA IDADE DO FERRO. O CASTELO PEQUENO DE SANTIGOSO

Por Miguel Losada

Secretario da Sociedade Antropolóxica Galega

Galicia é un país densamente poboado. Os asentamentos colonizan a paisaxe dun xeito case que compulsivo en certas zonas, tal e como acontece na beiramar galega, onde a abundancia de recursos e a benéfica influencia do mar semellan xustificar tal propensión.



Paisaxe de polonina ou planina. Camiñando polos cumios. Obsérvase a zona alta deforestada e aberta, escoltada polas fragas que colonizan as abas dos montes. Máis imaxes no mesmo sitio.

<http://gorskiewedrowki.blogspot.com.es/2011/06/poonina-wetlinska-1255-m-npm-bieszczady.html>

consecuencias políticas e económicas.

Nembargantes, semellante persistencia como lugar habitacional, ilustra tamén, no tocante á complexidade interpretativa daquel proceso de progresiva redefinición da idea autárquica,

A cidade a meirande altitude sobre ese mar de Galicia é a mais que bimilenaria Lugo. Atópase a 465 msnm e, no seu contexto histórico, ocupa unha posición estratéxica tanto para a ollada militar como para a simbólica.

A súa antigüidade e magnificencia, sintetizadas se cadra pola persistencia da súa muralla de mais de 2,5 km, abundan para considerala un elemento senlleiro do intre de tránsito entre a protohistoria e a historia do noroeste peninsular ibérico.

Este descomunal valo de pedra seica foi feito na segunda metade do século III, hai uns dezasete séculos e xurdiu como froito dun único esforzo produtivo. Resultado certo da imperiosa necesidade de defensa nun escenario xeoestratéxico moi incerto.

É habitual escoitar ou ler que o seu rol de referente do urbanismo antigo en Galicia non ten discusión, dado o longo percorrido no tempo desta urbe, fundada *ex novo*, nun contexto colonial de sometemento e xa que logo, máximas

un novo modelo de definición da propia identidade das comunidades feito, inducido se cadra, en base á contraposición, do medio e dos "outros". Todo elo xunto cunha atomización "dende dentro" das antigas sociedades galegas que até o daquela e dende había xa uns 1000 anos, vivían precisamente tralas súas propias murallas e confrontaban agora a súa propia autólise.

Podería pensarse, e sería un erro inducido por un prexuízo etnocéntrico, que os múltiples poboados fortificados, os castros, anteriores a este período, e que terían comezado a xurdir nos altos dos montes hai uns 3000 anos b.p., haberían de ser intrinsecamente entidades de poboación máis simples, xa que o propio sistema social sería tamén "máis simple".

Estes pequenos mundos "pechados" sobre si mesmos e contrapostos a unha paisaxe labiríntica e enigmática, constituirían un conxunto de "sociedades /illa" e estarían integrados por comunidades que nalgúns textos, aparecen como náufragas nun arquipélago de montes por baixo dos cales, nos vales, existía un mar de fra-



gas, bosques e zonas chaguazosas cando non verdadeiras lagas e lagoas onde as liñas fluviais eran tamén protagonistas en si mesmas.

Tratábase como vemos, dunha paisaxe moi centroeuropea, poderíamos dicir actualmente, posto que resulta inda hoxe característica de boa parte das serras da Europa central, concretamente os Cárpatos orientais que percorren Romanía, Ucraína, Polonia e Eslovaquia. Galicia era pois daquela unha sorte de arquipélago que actuaba en grande medida como un lugar central, non periférico pois, no que as rutas marítimas e terrestres estaban sostidas pola forza das tradicións inveteradas.

Estas paisaxes caracterizadas polas serras de altitude media e baixa, cuxas abas son moi forestais e os cumios están deforestados a xeito de corredores percorridos no verán polas comunidades de gandeiros, denomínanse *Poloninas* ou *Planinas*. Este termo procede do eslavo antigo e emprégase en varias linguas da Europa central e oriental. Foi definido pola *Gran Enciclopedia Soviética* (1979) e aplicado a esas serras dondas, con chairas nos cumios, que tan familiares resultan en Galicia.

Inda que este entorno natural probablemente está ben descrito para a Galicia daquel tempo, seguro que a condición irredenta de sometemento ó estado de necesidade desta cultura, ou posible koiné cultural, non o estea tanto e que máis ben respondese a unha estratexia continuista, inda por investigar e definir, de relación extensa máis que intensa, co medio.

Durante un grande período de tempo, dende o neolítico, aló polo 6500 b.p., até comezos da segunda idade do ferro, contra o 2450 b.p., os grandes espazos abertos e os contornos domésticos foron instalándose a cotas máis baixas. Mais non sempre aconteceu así.

No ano 2009 a historiadora, arqueóloga e investigadora Nieves Amado Rolán chegou ó Concello

da Mezquita, Ourense, co albo proporcionar asesoría técnica especializada que permitise a posta en servizo dunha ruta arqueolóxica no territorio deste concello. Nieves Amado, colaboradora habitual da SAGA, é unha das profesionais máis serias, honestas e capaces que coñecemos. Unha arqueóloga que domina o traballo sobre diversos crono-contextos e con moita experiencia. Como resultado das súas prospeccións e investigacións na zona xurdiu unha realidade abraiante.

Tomamos pois como base o traballo publicado por ela e titulado *"Os castros do Concello Mezquita. Ruta cultural entre tres castros: O castelo de Santigoso, o Carballerego da Mezquita e o Cabezo de Chaguazoso"* (Dep. Legal OU 97/2010). *Só os entrecomillados reflecten as palabras desta autora, a cal non é responsable de ningunha das opinións de corte antropolóxico ou cultural verquidas no presente texto. Calquera crítica ó contido deste artigo debe ser dirixida contra o autor do mesmo e a SAGA en xeral.*

En palabras da autora:


" Cando un chega á Mezquita para abordar este traballo, trae consigo unha serie de prexuízos respecto ós castros que podemos atopar, produto da falla total de investigación arqueolóxica sobre a zona, e do que se pode concluír da propia bibliografía actual sobre a Idade do Ferro e a cultura castrexa galega. Os límites xeográficos da cultura dos castros admitidos por algúns investigadores non pasan pola Mezquita, quédanse antes, nas divisorias das serras de Queixa e San Mamede e na divisoria de augas entre os ríos Támega e Tuela. A Mezquita sería unha zona de influencia, un hínterland, unha zona marxinal. Algún autor di acertadamente que ante o baleiro de información arqueolóxica para falar de límites ¿Cómo se pode trazar unha fronteira de algo que non se coñece?."



Tales prexuízos veñen inducidos polo paradigma que inda sobrevoa a protohistoria galega e segundo o cal no actual oriente galego e segundo as zonas, ou non hai castros ou son pequenos e en todo caso atópanse en cotas baixas preto do fondo de val. Mais o panorama que coñecemos grazas a esta investigadora e que fomos comprobar sobre o terreo, era ben diferente.

Neste oriente ourensán, sempre a máis de 1000 msnm., atópanse unha serie de castros que reflicten un pasado monumental, complexo e cun dinamismo en tódolos ordes sociais que testemuña o alto grado de sofisticación daquela cultura.

O panorama é o seguinte: nas altas terras desta extrema galega, cunha altitude media duns 900 msnm., atopábanse 7 castros catalogados ós que Amado Rolán engadiu outro máis que descubre durante a súa investigación. Todos eles están a máis de 1000 m de altitude e algúns son verdadeiramente grandes. Tanto como de 3, 5, e preto de 10 hectáreas. Auténticas cidades se se me permite, próximas entre si e relacionadas dun xeito singular.



Os oito castros na Mezquita

Pertencen á denominada segunda idade do ferro. Séculos IV a I antes da nosa era. As súas características semellan diferentes inda que aparentemente complementarias en conxunto, tendo en conta a súa especialización no espazo físico e as cronoloxías que indican.

Entre eles destaca o denominado Castelo pequeno ou Castro de Santigoso que será o que comentemos nesta ocasión.



Chegada ó Castelo Pequeno de Santigoso


O castelo Pequeno era, inda é, simplemente unha marabilla. Unha cidade dunhas 10 hectáreas cun requintado sistema defensivo composto por varios foxos, parapetos, campos de pedras fincadas e situado nunha cota máxima de 1254 msnm. É tan grande que nel nace un bo cachón



A croa do Castelo Pequeno, 1264 msnm, dende o Castelo Grande a 1305 msnm, segundo o noso Gps



de auga que era recollida en cando menos unha gran poza inda visible. En comparación con outros grandes castros de Galicia podemos dicir que ten o mesmo tamaño que o mais coñecido San Cibrao de Las, no NW de Ourense.



Esquema do castro

Contaba con torres perimetrais dende as que a vista se estende polas actuais terras ourensáns, portuguesas e zamoranas. Un lugar onde Galaicos e Astures deberon lindar. A gandería debeu ser magnífica, dadas as moi boas características dos biótopos e a agricultura dos cereais e das plantas de horta ten todo para desenvolverse con grande proveito.

Mais inda así pode que haxa inda outro factor decisivo e que de conta da gran concentración de habitantes que reuniu este planalto: O artefacto da condición de grande centro mineiro, co emprazamento estratéxico nunha, xa daquela antiquísima, ruta trans-ibérica de intercambios referendada polos especialistas

como Marisa Ruiz-Gálvez Priego, no seu libro *La Europa atlántica en la edad del bronce. un viaje a las raíces de la Europa occidental*. (Ed Crítica. Madrid 1998).

Esta ruta, como parte dunha rede de camiños moito máis ampla, podería ter estado operativa hai xa uns 5000 anos b.p. (Ruiz Gálvez 1998. P.335), como conxunto de alianzas estratéxicas, baseadas na antropoloxía do parentesco e condicionadas nas súas manifestacións externas, (petróglicos ou pedras altas nos lugares de paso, etc) polos diferentes entornos bioclimáticos do occidente peninsular ibérico e os consecuentes sistemas de explotación e aproveitamento asociados.



Gando vacún perto do castro

Así pois temos que para este castro, ou para este conxunto deles danse os presupostos clave para consideralo unha posible comunidade de paso (Hirth 1978¹) e centro de distribución e redistribución da prehistoria galega, un auténtico porto seco da época. Tales presupostos son: os excedentes pecuarios e agrícolas, a ruta pre-establecida, os convencionalismos que posibili-

¹ O concepto de comunidade de paso foi desenvolvido polo antropólogo kennet G. Hirth no seu libro *Interregional trade and the formation of the prehistoric gateway communities* (1978) consultable na rede.

<http://www.jstor.org/discover/10.2307/279629?uid=3737952&uid=2&uid=4&sid=21102019494821>

Neste modelo, Hirth explica como durante o proceso de formación das sociedades complexas, o comercio a longa distancia actúa como catalizador que permite a consolidación de tal proceso. Institucionalización e regulamentación son inherentes a esta dinámica que, unha vez instalada dentro da comunidade como programa ideolóxico, acadan o resultado de facela "inchar" dende dentro, de xeito que os asentamentos a carón dos lugares clave xunto ás vías naturais de comunicación desenvólvense para adaptarse ó fenómeno do intercambio instituído agora como recurso. Neste modelo o rol das discontinuidades do entorno, como os propios dunha xeografía quebrada ou as zonas de contacto de hábitats diferentes, é o de elevar o nivel de complexidade social que se verifica, en xeral, en calquera interface.



tan o intercambio, (plausibles alianzas transre-xionais verificadas arqueoloxicamente en toda a rexión atlántica europea) xunto co extraordinario factor de que este Castro Pequeno era moi probablemente, igual que algún dos outros, un castro mineiro².

Tal como indica Amado Rolán, no dicionario de Madoz e referíndose precisamente ó monte no que está o Castro Pequeno, O Castelo, faise constar a existencia de antiga actividade mineira:

Sobre los picos del monte, que hemos dicho domina al pueblo, se ven las minas y vestigios de una fortaleza que unos creen obra de romanos y otros del tiempo de los árabes, habiendo en otros puntos del término señales inequívocas de la dominación sarracena, tanto por los restos de antiguas torres, como por las piedras labradas, como por los fragmentos de fragua y utensilios domésticos.

Diccionario Madoz: San Simón, Santigoso.

Efectivamente, na subida a pé cara o curuto no que atoparemos o castro imos localizando doadamente un indicio da presenza do estaño no terreos mesmos da acrópole. Son os denominados "vermes do estaño", que xa se teñen atravesado no noso camiño nas aproximacións a outros centros de minería antiga de Galicia. Así temos constatado, algunhas veces, como na representación mental dos habitantes e mineiros das terras orientais son tomados convencionalmente como indicadores da presenza deste metal³. Mesmo no século XX. Malia todo semella que o posible tráfico de mineral debeu proceder doutros lugares, minas, relacionados con

este, como os importantes cotos mineiros do Alto Támea (Nomeadamente Arcucelos e Vilardecervos).



Vermes do estaño. Estauroлита no xisto

Este castro podería, polo seu emprazamento e posible sucesión dos recintos, ter orixe noutra fortificación anterior. Pode que do bronce final, segundo a arqueóloga Amado Rolán. Ademais, o seu gran tamaño e estratéxica praza, serían tamén uns trazos coherentes co seu rol de catalizador social nun contexto de xestión ideolóxica dun amplo territorio. Foi o formidable curuto do Castelo Grande, ó norte deste castro, un lugar de relevancia relixiosa? Non se sabe, mais precisamente neste cumio atopamos indicios de apropiación simbólica deste certamente senlleiro escenario e xunto deles, elementos naturais susceptibles de ser contedores axeitados dun eventual simbolismo proxectado sobre os mesmos.

Outra cuestión a ter en conta é a monumentalidade e hipertrofia do sistema defensivo pasivo desta acrópole.

² Recomendamos igualmente a consulta do traballo da profesora Comendador Rey, Beatriz, "Los inicios de la metalurgia en el noroeste de la Península Ibérica" Tese doutoral. USC 1997 consultable en http://www.academia.edu/2081314/Los_inicios_de_la_metalurgia_en_el_Noroeste_de_la_Peninsula_Iberica_II

³ Os "vermes do estaño" adoitan ser formacións de estauroлита, un complexo mineral con ferro, magnesio e cinc entre outros elementos ((Fe²⁺,Mg,Zn)₂Al₉(Si,Al)₄O₂₂(OH)₂) que as veces fórmase nas pedras de xisto e cuxa presenza pode efectivamente e segundo especialistas consultados, ser tomada como criterio de proximidade na prospección superficial da minería metálica. Nos inda non coñecemos a relación exacta entre os vermes e o estaño.



Un factible portalén cara o oeste



As gadoupas do tempo



Coviñas e outras marcas no Castelo Grande

Tres grandes recintos, cuns 50 mil metros cadrados habitables e outros tantos despexados. Inda se detectan as plantas circulares e oblongas das casas do terceiro recinto. Catro parapetos e catro foxos e un campo de pedras

fincadas cara o norte, composto, actualmente, por unha área de pedras poligonais dispostas nunha banda duns 100 m por 25 m de anchura. Varias torres inda identificables, como a que debeu haber na croa do sitio onde os derrubes acadan os 10 m de altura e outra, exenta, no cumio do farallón rochoso. E todo elo nun sistema de construción progresiva que denota a vontade de persistencia e consolidación dentro dunha dinámica socioeconómica complexa.



Dentro da gran cisterna



Muralla externa



Murallas



As pedras fincadas



Foxos

Outros datos do Castelo Pequeno:

Cronoloxía estimada IIaC. - I dC.

COORDENADAS UTM: X: 664.795, Y: 4.652.418

Medidas NE-SW.....	410 m
Medidas E-W.....	310 m
Superficie transformada total.....	98100 m
Croa.....	9350 m
Recinto leste.....	9325 m
Recinto sur.....	30490 m

A partir de datos de Nieves Amado Rolán. 2010.



STONEHENGE: A SAGA NA CHAIRA DE SALISBURY



O ano 2013 ten sido un período con grandes novidades referentes a unha das iconas máis senlleiras do ámbito cul-

tural atlántico europeo: Stonehenge. Das investigacións concluídas neste ano derivouse a consecuencia de que o proceso de sacralización do lugar tiña comezado uns 5.000 anos antes do que se pensaba, o cal significa que foron as sociedades de cazadores e recolectores as que encetaron o grande proxecto paisaxístico a gran escala no que se transformou toda a rexión da chaira de Salisbury, na bisbarra de Wiltshire.



Avenida de menhires en Avebury

Mesmo Peter Rowley-Conwy, profesor de arqueoloxía na Universidade de Durham, ten afirmado, para a BBC, que Stonehenge ten o potencial para se converter nun dos meirandes sitios mesolíticos de todo o Noroeste europeo.

Na SAGA, tamén durante este ano 2013, estivemos e percorremos esta rexión británica co gallo de observar cos nosos propios ollos a abraiante enerxía despregada por unhas comunidades que decidiron que cumpría modi-

ficar o mundo xa que, probablemente, carecía de certas características que consideraban necesarias. Aquela paisaxe non era dabondo. Non traía "de serie" os elementos imprescindibles para o axeitado despregue dunha nova e titánica maneira de ver o mundo.

A firmeza e vontade daquelas xentes tendía cara á modificación tanto da fasquía da paisaxe como do seu contido. Hoxe fálase moito do concepto da "realidade aumentada"; en certo sentido esta é xa unha idea moi antiga que neste caso si que semella vir "de serie" co concepto mesmo de ser humano xa que todas as culturas teñen aplicado a fórmula dun xeito ou doutro.

Na contorna da gran chaira de Salisbury, no sur da Gran Bretaña, o modelo foi levado preto do paroxismo. As ideas de Colectividade, Ritmo e Afiliación foron xestionadas polas comunidades prehistóricas da zona e empregadas coma áncoras de identidade desenhadas á escala das súas descomunais expecta-



Ao fondo á esquerda a montaña artificial de Silbury hill



tivas culturais. A viaxe da SAGA tentou ser un percorrido por eses conceptos.



A palabra "colectividade" dá conta da idea de comunidade dende unha perspectiva dinámica. Unha sociedade que bule a prol dos seus intereses, que transforma iso que hoxe denominamos como "a paisaxe", ao mesmo tempo que tamén a incorpora nas súas creacións. Neste sentido está ben documentada a transposición selectiva e significativa de certos elementos presentes no medio natural, como poden ser certas terras e as súas cores ou outras propiedades, específicas, castes de pedras, etc.



Campo tumular

Esta coidadosa planificación de todo o proceso construtivo deuse en toda a fachada atlántica do continente. Resulta ilustrativo, por exemplo, este parágrafo relativo ó túmulo de Skelthorpe, na península de Xutlandia:

"The strictly planned construction of the barrow the use of large amounts of water in the burial ritual, the different working groups visible in the carefully documented

*turf sections, the use of turf from different parts of the landscape all speak of the monument as a socially constructed memory, not only commemorating the deceased, but commemorative of the participants in the funeral ceremony itself."*¹

Efectivamente, e tal como explica o dito capítulo, estes monumentos non conmemoraban unicamente o falecido e as súas circunstancias. Eran tamén un xeito de conmemorar a todos os participantes, a toda a sociedade da cal o defunto facía parte. Iso que hoxe predicariamos coma



Fronte ao West Kennet long barrow

"paisaxe" era pois, máis ben, un cosmos ideolóxico que ficaba sintetizado como unha "a socially constructed memory", unha memoria construída socialmente. Unha realidade construída pola propia sociedade, co gallo de servir, xa que logo, aos seus intereses colectivos. Isto mesmo podería dicirse de todos os outros monumentos megalíticos, non so europeos, senón en calquera parte. Tamén na Gran Bretaña, onde esta idea pode ser percibida inda hoxe, cunha magnificencia e claridade extraordinarias.

Moitas veces as relacións astronómicas destes

¹ Goldhahn, Joakim (2008). From monuments in landscape to landscape in monuments. Death and landscape in Early Bronze Age Scandinavia. In: Jones, Andy (ed.). Prehistoric Europe. Global Archaeologies Series. Oxford and New York, Blackwell, 56-85. pg. 68.



monumentos aparecen como albo central en moitos estudos que ligan a arqueoloxía e a astronomía. Despréndese deles que o tempo, iso que determinan os reloxos, foi unha cuestión de vital importancia na antigüidade. Mais a idea de "tempo" vai aparellada coa de "ritmo", sexa o dos ciclos naturais ou doutra clase.



Interior do magnífico túmulo de West Kennet (long barrow)

Todos estes traballos, como a loxística implicada na construción de Stonehenge, coas súas diferentes etapas afastadas entre si moitas xeracións, foron desenvolvidos, probablemente, dentro dunha idea de "presente continuo" ou de atemporalidade orixinaria, onde naceron as normas, os ideais, os valores. Quizais nada máis afastado dos hoxe en día tan manidos e prevalentes conceptos de "progreso" e "crecemento" económico ou social.



Círculo lítico de Avebury

Por último a "filiación" —entendida como a estreita relación cos devanceiros e mesmo a inferencia de que debeu existir o convencemento, naquela xente, da existencia dunha sorte de "plano superior" no que moraban os antepasados— semella ben establecida pola importancia da finalidade mortuoria constatada nestas arquitecturas. Mais nós, tamén, pensamos, como Marcel Mauss², que, en realidade, a morte é un "fenómeno total". Un feito que implica a toda a comunidade e que determina, antes que outra cousa, o xeito de vivir. Deste xeito



Weyland's Smithy long barrow



Rafael Quintía e Miguel Losada fronte a Stonehenge

Esta idea é común a todos os grupos humanos tradicionais, sexa con menor ou maior intensidade. É plausible pois, entender estas paisaxes megalíticas, titánicas ou ciclópeas sen dúbida, como un proxecto de reconstrución dunha paisaxe ancestral, arquetípica e perfecta á cal cómpre regresar mediante o expediente fúnebre posterior á morte. É por isto que o derradeiro suceso adoita ser considerado como unha viaxe. Se cadra tamén foi así en Stonehenge e a bisbarra da actual Wiltshire.

entendemos que toda a loxística e as adaptacións sociais precisas para a transformación monumental, e case que teatral da paisaxe enteira, contén unha ensinanza fundamental segundo a cal a historia é memoria e a memoria é identidade. Ou debe selo.

² Mauss M. "L'expression obligatoire des sentiments" "L'expression obligatoire des sentiments (rituels oraux funéraires australiens)", Journal de psychologie, 18, 1921. "Les classiques des sciences sociales" Site web: http://www.uqac.quebec.ca/zone30/Classiques_des_sciences_sociales/index.html



A SAGA PARTICIPA NAS III JORNADAS DAS LETRAS GALEGO-PORTUGUESAS EM PITÕES



PROGRAMA:

Sexta-feira - 30 de Maio (hora portuguesa)

- 20:00:
- Receção dos participantes nas Jornadas na casa de Turismo Rural do Padre Fontes em Mourilhe e atuação do Bruxo Queimam e o Padre Fontes.
21:00:
- Ceia na Casa Rural do Padre Fontes em Mourilhe
23:00:
- Deslocamento dos palestrantes a Pitões

Sábado - 31 de Maio (hora portuguesa)

- 10:00:
- Apresentação das Jornadas
10:15:
- **João Paredes:** "A utilidade do celtismo. Celticidade galaica no S. XXI"
11:15:
- **Rafa Quintia e Miguel Losada:** "Celtismo, construção cultural e identidade"
12:15:
- Perguntas, questões e debate
12:45:
- Descanso e café
13:00:
- Oinaikos Kallaikoi
14:00:
- Comida popular na Praça da Junta da Freguesia (música)
16:30:
- Oinaikos Kallaikoi

18:30:

- **Maria Dovigo:** "O conto de Santo Amaro, desde a procura da ilha paradisíaca à diáspora dos galegos de Lisboa"
19:30:
- Debate, perguntas e questões
20:00:
- Descanso, café e visita por Pitões
20:30:
- Folião celto-galaico
21:00:
- Atuação do Bruxo Queimam
21:30:
- Folião celto-galaico
21:45:
- Ceia livre por Pitões

Domingo - 1 de Junho (hora portuguesa)

- 10:00:
- Abertura da sessão
10:15:
- **Alberte Alonso:** "Utilidade das pedra-fitas no neolítico como observadores astronómicos"
11:15:
- **André Pena Granha:** "Constituição política celta das galaicas trebas e toudos. Etno-arqueologia institucional"
12:15:
- **Pedro Teixeira da Mota:** "As fontes matriciais de Portugal"
13:15:
- Debate, perguntas e questões
13:45:
- Encerramento
14:00:
- Almoço no Dom Pedro

A SAGA E O MUSEO DAS CIVILIZACIÓNS DE EUROPA E O MEDITERRÁNEO.

Dende o 26 de marzo até o 4 de agosto de 2014

Nesta primavera de 2014 o MuCEM, Museo das Civilizacións de Europa e do Mediterráneo, inaugurou unha exposición adicada ós entroidos e mascaradas do espazo euro-mediterráneo, segundo a denominación



empregada por esta institución cultural que se atopa na cidade de Marseille, Francia.

Esta mostra temporal vai estar aberta dende o 26 de marzo até o 4 de agosto de 2014 e xa avanzamos algo dela nesta



entrada do noso blog:

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com/2014/01/09/a-saga-aporta-parte-dos-seus-fondos-documentais-para-unha-exposicion-do-mucem-o-museo-das-civilizacions-de-europa/>

Esta temática, tradicional nos museos etnográficos, ten acadado un novo status de actualidade nas últimas décadas. Dende hai uns trinta anos, moitos antroidos de todo o mundo e de diversa aparencia, son quen de mobilizar a dúcias de milleiros de participantes e espectadores. Por calquera parte, as mascaradas rurais e as paradas ou desfiles urbanos renaceron e reinventáronse, na procura dunha nova reedición de ritos moi antigos ou procurando inspiración en formas culturais que chegan até nós dende unha antigüidade remota.

Por que tanta xente gosta do antroido? Que atopan nel? Apenas un divertimento, unha oportunidade de expansión e troula? Unha proba da súa identidade? Unha práctica "auténtica"; unha experiencia catártica e persoal; a felicidade; a vivencia dun soño?

Unha das actividades do xiro normal das actividades da SAGA é a documentación gráfica destas extraordinarias manifestacións da cultura dos galegos e, xa que logo, dos europeos. Este traballo repousa, fundamentalmente, sobre "o lombo" do noso compañeiro na SAGA e fotógrafo, Pedro G. Losada. Parte desta laboura pode ser vista neste album.

https://www.facebook.com/pedro.g.losada/media_set?set=a.1243244977121.28055.1709266045&type=3

Estas e outras semellantes van ser as cuestións sobre as que tentará botar luz ou mesmo res-

postar, a exposición desta primavera no MuCEM.

A exposición pois, vai convidar a quen por aló vaia a unha viaxe cara o interior do imaxinario entroido; un imaxinario rico, antigo, que convoca as mais grandes mitoloxías paleoeuropeas e que inda así, ten a capacidade de interpelar rotundamente á xente de hoxe en día. A demostración dos contidos vaise apoiar na exposición de máscaras e traxes, dos fondos do propio MuCEM e tamén do Musée International du Carnaval e du Masque de Binche (Bélxica) que

actúa ademais neste caso de entidade coprodutora da exposición. Ademais vanse poder contemplar unha serie de obxectos arqueolóxicos e artísticos procedentes dos fondos de diferentes museos e institucións europeas entre as que tamén se atopa a SAGA, Sociedade Antropolóxica Galega, que participará mediante a cesión de parte dos fondos documentais gráficos do seu fotógrafo colaborador asociado Pedro G. Losada. Ademais, a SAGA actuará de enlace entre a Cultura Galega e o MuCEM durante o período no que a mostra esté aberta. Neste contexto, a SAGA vai dar cumprida conta das actividades relacio-

nadas co evento ó tempo que organizará outras relacionadas e converxentes, todo elo co gallo de amosar a magnitude da riqueza da cultura civilización galega.

Así o MuCEM ten deseñado unha posta en escena na que se anima a descubrir as diferentes facianas do entroido ou do carnaval; as súas funcións, significados múltiples, e os xeito polo cal proporciona ás persoas e sociedades de hoxe en día a oportunidade de poñer sobre o escenario as súas preocupacións, medos, desexos e soños.

As cifras do MuCEM:

O Museo consta de tres espazos contedores. Xuntos, conforman o conxunto do MuCEM que



O Felo, dono do seu destino



abrangue así 40000 m² de espazos expositivos adicados á diversidade cultural europea.



O referendo da Tradición

O "J4" leva este nome pola antiga dársena portuaria na que hoxe se levanta o edificio, do arquitecto R. Ricciotti asociado a R. Carta. Ten 16500 m² edificadas, dos cales 3600 m² son espazos expositivos.

O Fort Saint Jean está unido por pasarelas co J4 e é un dos edificios históricos mais representativos da cidade de Marsella. Ten 15000 m² e 1100 m² adicados ás exposicións. Hai ademais 12000 m² de xardíns.

O Centre de Conservación et de Ressources. Obra de C. Vezzoni e A. Jolivet, acolle os fondos das coleccións da institución. Tanto os especialistas como os afeccionados poden acceder, previa solicitude, á sala de consulta das obras, arquivos, e obxectos diversos. Posúe unha pequena sala de exposicións propia con programación independente e aberta ás iniciativas organizadas dende o exterior e na cal se poden presentar novas perspectivas sobre as coleccións do MuCEM. Unha verdadeira interface entre o museo e a sociedade. Ten 13000 m² con 1400 m² de espazo de cosulta entre outros.

A xénese deste gran complexo cultural está no proceso de metamorfose que experimentou o Musée des Arts et Traditions Populaires de París que fora creado no ano 1937. Este "Museo de Sociedade" reinventouse coma un "Museo da

Civilización" ou das civilizacións, de Europa que puxo en marcha unha estratexia de prospección e adquisición de fondos por todo o continente co gallo de documentar a identidade "popular" europea mesmo no cerne do eido urbano. Así, xa dende a segunda metade do século pasado os investigadores asociados e os conservadores do museo teñen desenvolvido un intenso labor de selección de pezas, que documentan procesos tan dispares como os comezos da música amplificada ou o rock en Europa ou a memoria do SIDA, o artesanato do vidro, os casamentos ou o entroido europeos.

250.000 obxectos diversos; 130.000 estampas, debuxos, cartaces, e cadros; 450.000 fotografías; 140.000 tarxetas postais; 100.000 xornais outras obras periódicas son algúns dos motivos que fan desta institución un verdadeiro centro de referencia da memoria da identidade dos europeos.



E as forzas que nos levan...

Temos afirmado en diferentes foros que Galicia atesoura na súa cultura unha parte monumental e insubstituíble da tradición e dos alicerces mesmos da identidade do continente. É por eso polo que a SAGA fará todo o posible por facer visible, dun xeito permanente, esta realidade. A presenza pois, nun dos mellores foros deseñados para facer posible este albo volve ser, como sempre, mérito da autenticidade, fondura e forza da nosa equipaxe cultural como galegos. E, seica así o ten entendido unha institución coma esta.




GRAVACIÓN DO DOCUMENTAL SOBRE OS MUÍÑOS

Actualmente a Sociedade Antropolóxica Galega atópase en plena fase de rodaxe dun novo documental sobre os muíños e todo o universo cultural e simbólico que os rodea. Tomando como escenario os muíños da parroquia de Salcedo e como actores a memoria dos propios veciños que durante décadas os usaron, farase un percorrido pola memoria do que foron e o que significaron os muíños na nosa cultura tradicional, así como sobre o novo papel futuro que poden desenvolver como catalizadores da identidade e como recursos culturais e turísticos. O traballo audiovisual está promovido pola concellería de Patrimonio do concello de Pontevedra.



Novas editoriais

PUBLICAMOS "O USO DAS PEDRAFITAS NO NEOLÍTICO GALEGO",
PRIMEIRO NÚMERO DA NOSA COLECCIÓN MONOGRAFÍAS DA SAGA

Co traballo "O USO DAS PEDRAFITAS NO NEOLÍTICO GALEGO" do investigador X. Alberte Alonso inauguramos unha nova liña editorial da SAGA: a colección Monografías da Sociedade Antropolóxica Galega. Cunha periodicidade cuatrimestral iremos publicando esta nova colección na que pretendemos dar a coñecer diferentes tra-

DATOS TÉCNICOS:

Autor: X. Alberte Alonso Fernández

Editorial: Sociedade Antropolóxica Galega

Impresión: Branco e negro

Tamaño: 21×15

74 páxinas

I.S.S.N. 2341-0353

PVP: 10 €

ballos de investigación que, ao noso entender, achegan novas ideas e datos interesantes para a reflexión e o coñecemento do mundo cultural galego no seu sentido máis amplo e antropolóxico.

Con esta nova colección completamos a nosa oferta editorial de xeito que podamos cubrir os distintos formatos que nos faciliten o noso labor de divulgación, tanto de artigos de investiga-

ción como de traballos máis amplos ou incluso de monografías. Ademais dos nosos documentais e dos dous libros

publicados, xa están dispoñibles, xa que logo, o noso anuario *Fol de Veleno*, as nosas revistas dixitais *Caderno de Campo* e *SAGA. Revista dixital de Investigación*, o nº1 da nosa colección de *Cadernos da Sociedade Antropolóxica Galega* e o nº1 da nosa colección *Monografías da Sociedade Antropolóxica Galega*.



XA ESTÁ NA RÚA O NOSO ANUARIO "FOL DE VELENO" 2014



DATOS TÉCNICOS:

Editorial: Sociedade

Antropológica Galega

Impresión: Branco e negro

Tamaño: 24x17

220 páxinas

I.S.S.N. 2253-8437

PVP: 10 €

Sumario

ANTROPOLOXÍA

Reflexións ao abeiro dunha casa "adoptada". Arquitectura e xestión do Patrimonio	7
Fai ruído unha árbore que cae se ninguén a escoita? Sobre a pertinencia da atención das Ciencias Sociais aos sons	17
A morte en Santa Mariña de Luci (Teo). O rural e o urbano. Normalización versus ocultación	27
Chamaneos, Licántropos y Berserker. Dinámica y hermenéutica de un acontecer de transformación	45
Achegas ao coñecemento da zanfona e os cegos na música popular	61
Usos rituais do seixo no rexistro etnográfico e arqueolóxico de Galicia	81

ARQUEOLOXÍA E HISTORIA

Curros na Idade do Ferro? Unha proposta etnoarqueolóxica	133
O movemento proletario en Marín	145
ASTVRICA AVGVSTA, posible antesala del infierno para los Damnati Ad Metalla y los Damnati in Opus Metalli deportados al noroeste de Hispania	157
Kernunnos: Representacións de Cernunnos na arte rupestre	175
As máis antigas referencias sobre o occidente	181
Viaxe ó Castelo de Cerveira. Parte primeira	193
Idea Vilarinho. A poeta de negro pegada a unha gabardina	215

Xa está dispoñible "FOL DE VELENO. ANUARIO DE ANTROPOLOXÍA E HISTORIA" Nº4, Ano 2014. Os interesados en adquirilo poden facelo tamén a través do noso blog ou contactando coa SAGA no email: infosaga@antropoloxiagalega.org



Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza

PUBLICAMOS AS ACTAS DAS "I XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA"

DATOS TÉCNICOS:

Editorial: Sociedade

Antropológica Galega

Impresión: Branco e negro

Tamaño: 24x17

120 páxinas

Inclúe DVD

I.S.S.N. 2341-0019

PVP: 10 €

Xa están dispoñibles as actas das

"I Xornadas sobre o Entroido de Galiza". O libro inclúe un DVD

cos videos de todas as ponencias e


da exposición sobre o Entroido

organizada no marco das xorna-

das do 2013. Os interesados en adquirilas pódeno facer a

través do noso blog ou contactando coa SAGA no email:


infosaga@antropoloxiagalega.org



Boletín da Sociedade Antropológica Galega



"CADERNOS DA SOCIEDADE ANTROPOLÓXICA GALEGA": A NOVA PUBLICACIÓN DA SAGA



Seguindo co noso labor de investigar e divulgar e na liña do que veñen facendo outros colectivos e organizacións como, por exemplo, os compañeiros do Seminario de Estudos do Valadouro ou a Fundación Risco, vimos de sacar unha nova publicación: ***Os Cadernos de Sociedade Antropológica Galega***. Unha colección de cadernos de

DATOS TÉCNICOS:

Autor: Xosé Anxo Rosales González

Editorial: Sociedade Antropológica Galega

Impresión: Branco e negro

Tamaño: 21×15

44 páxinas

I.S.S.N. 2341-099X

PVP: 5 €

periodicidade cuatrimestral cos que pretendemos dar a coñecer diversos traballos de investigación que poidan ser de interese para todos aqueles que queren afondar no coñecemento da temática antropológica da nosa terra. Aproveitando a inminente chegada do Entruido, sacamos o noso 1º número que leva por título ***"As Madamas e o sacrificio do galo. O Entruido do concello de Vila Boa do Morrazo"***, do investigador e membro da SAGA Xosé

Anxo Rosales. Se alguén está interesado en adquirilo pode facelo a través do noso blog, contactando no noso email infosaga@antropoloxiagalega.org.

Posta en Valor do Patrimonio

PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO ENTROIDO TRADICIONAL DE MARCÓN

A Sociedade Antropológica tratará de recuperar o Carnaval de Marcón

SERAFIN ALONSO
A principal iniciativa para recuperar o desaparecido Entruido de Marcón, a iniciativa pretende volver animar os colectivos desta parroquia pontevedresa como único xeito de rescatar a celebración deste Carnaval, que data dos anos 80.

O presidente de Asaga, Rafael Quintía, ve posibilidades de rescatar este Entruido debido ó interese que o proxecto suporá para os veciños da zona. «Este tipo de

tradicións fóronse perdendo pola globalización e a influencia do ámbito urbano no rural e os seus costumes», dixo entre Quintía, que lembrou outras tradicións que nos últimos anos se están a perder nas parroquias: cantar caza por casa nos Reis ou pedir porta a porta no Entruido. «Aínda hai nada iso estaba vivo e hai que recuperalo», subliñou o responsable do colectivo.

Ademais desta iniciativa no eido do rural, que completará as celebracións asociadas ó Entruido urbano de Pontevedra, a Sociedade Antropológica Galega celebrará

«Proxecto do Entruido tradicional de Marcón» a cargo do presidente de Asaga, Rafael Quintía, e de Xosé Anxo Rosales, membro deste colectivo.

EXPOSICIÓN. Ademais das xornadas divulgativas, a Sociedade

Una iniciativa busca recuperar el entroido tradicional de la parroquia de Marcón

La Sociedad Antropológica recogió testimonios de esta celebración

MARIA COME
PONTEVEDRA / LA VOZ

Un muñeco de paja, adornado con cintas y mantos de colores, dos ladregos vestidos de blanco y con capuchones, y una horca de enmascarados eran los protagonistas del carnaval de Marcón, un entroido tradicional de esta parroquia pontevedresa que dejó de celebrarse en los años setenta, pero cuya memoria aún no se ha perdido. La Sociedad Antropológica Galega trata ahora de recuperar esta celebración, inédita en toda el carnaval gallego, después de un intento fallido en los ochenta por parte de vecinos de la propia parroquia, que habían participado en este entroido en su juventud.

Rafael Quintía destacó que recuperar la esencia de este entroido tradicional, como un trabajo de campo que ya está realizado en los últimos años por Xosé Anxo Rosales, ha sido posible «porque hai moitos testemuñas que lembran como era a festa, como se tocaba e se bailaba... «o máis importante «en Galicia» — son as figuras dos ladregos, que tan vestidos de branco co gorro cónico e levaban un pa-

no portugués cruzado. Tíñen un estoque na man e uns pequenos asoccos na perna. Cando a persoa que porta sobre os hombros o boneco de palla remeza a bailar, os ladregos tamén o fan fronte a el. Levantan unha perna, e a van movendo dun lado a outro, mentres os asoccos van sonando, e fan soar tamén outras castañolas na man. E o acompañamento musical é por parte do resto da xente, que vai con caretas, con lucernas e caramuzos.

La comitiva iba por las casas, donde tras pedir permiso y dar los correspondientes vivas al entroido, hacían el baile y recibían como recompensa huevos y dinero. Desde el 15 de enero (San Antamo) los bandos ya anunciaban por las noches la proximidad este entroido en la parroquia. El domingo de carnaval, la recorrian de arriba a abajo. «El momento de entroido visitaban otros municipios, como Pontevedra y Ponte Caldelas, para por la noche quemar el muñeco. El diseño recordado daba para una comitiva de fin terminada.

La Sociedade Antropológica Galega quere implicar a los colectivos de Marcón en esta recuperación, a fin de garantir su

continuidad, pero espera tamén que el Concello de Pontevedra ayude a divulgarla, incluíndola en las actividades del entroido a partir del 2015. Para el colectivo, la mejor forma de hacerlo es recrear este entroido rural durante algunha xorna-

da de la semana de carnaval en el centro histórico, de forma independiente al desfile de comparsas y grupos, y tamén promocionarlo en las semanas anteriores. Quintía subraja el potencial plástico y sonoro de esta celebración, que tifa una traza

Intento en los años ochenta. Un grupo de vecinos de Marcón intentó recuperar este entroido tradicional en los años ochenta, aunque la iniciativa no perduró. En la imagen superior, puede verse la figura del ladrego (con el gorro cónico) y la del muñeco de paja, que era el símbolo de esta celebración. En su actual trabajo de recuperación, la Sociedade Antropológica Galega ha recreado como era el baile de este entroido a través de este dibujo del artista Francisco Luján, uno de los miembros del colectivo. **ANQUIRO DA SÁZ**

Diario de Pontevedra

La Voz de Galicia



A paisaxe humana e a paisaxe natural de Galicia da man dos nosos fotógrafos

Ángel Gilberto



Entre as numerosas pías do afloramento granítico que amosa a Dorsal Galaica ao seu paso polo lugar de Caínzos, parroquia de San Pedro de Cambás, a carón do Cruceiro e Ermida de San Vitorio (Cambás-Aranga. A Coruña), localízase a coñecida como a "Pegada/Huella/Pisada de Roldán".

A antiga lenda do lugar —de evidentes connotacións medievais— conta que Roldán (coñecido cabaleiro de Carlomagno e paladín dos Doce Pares de Francia. Personaxe recollida no Diccionario dos Seres Míticos Galegos) pasou co seu cabalo por estas terras perseguindo a dúas irmás mouras. Como non as daba collido baixou do cabalo e lanzoulles unha maldición que as convertiu en pedra no lugar chamado "Pena de Entrámbalas Irmás", onde parece ser que houbo dúas penas exactamente iguais das que actualmente só se conserva unha que chaman "Pena da Moura". A pegada que deixou Roldán ao baixar da súa montura ficou impresa na rocha a carón da

ermida de San Vitorio; dise tamén que as mámoas máis inmediatas ao lugar son as pisadas do cabalo. Tras maldecir ás irmáns Roldán chegou dun salto a Pena Ferreira, un monte cercano pertencente á mesma parroquia.



A "Pegada de Roldán" era citada xa no Catastro de Ensenada (s. XVIII). As medidas recollidas actualmente para esta cavidade en forma de pé son as que seguen:

- Lonxitude: 1,88 m.
- Ancho da planta: 0,74 m.
- Ancho do talón: 0,50 m.
- Profundidade: 0,20 m.

Por Ángel Gilberto

*Cantís de Santo André de Teixido.
Autor: Ángel Gilberto*



Como tódolos luns que seguen á Pascua tivo lugar na parroquia de Serantes (Ferrol, A Coruña) a celebración da Romaría de Chamorro onde multitude de romeiros acoden á Ermida do lugar que recolle á Nosa Sra. do Nordés, tamén coñecida como "Virxe de Chamorro" adoptando esta denominación popular polo nome do monte onde se localiza o templo no alto. A ermida foi construída de xeito que recolle no seu interior o grande bolo granítico baixo o que, segundo nos conta a lenda, se achou a talla da figura da Virxe que preside o seu retablo. A citada lenda di así:



"Disque no monte de Chamorro vivían uns rapaces orfos e probes que tódolos días rezaban á Virxe. Chegada unha dura tormenta os veciños do lugar, temendo por eles, subiron ao monte para recollelos. A comitiva chegou velos baixar ao tempo que de súpeto xorden no ceo o arco da vella e o sol lucindo de novo. Os rapaces pedíronlles que os acompañaran levándoos ata o pé dunha das grandes penas do alto do monte, alí amosáronlles unha marca coa silueta da Virxe que ficou gravada logo de haber baixado esta co Neno en brazos desde o Ceo no medio da tormenta. Contáronlles que falou con eles, e a choiva non chegaba mollar o seu fermoso manto. Advertiron que nun oco da pedra aparecía unha imaxe da Virxe, cal decidiron baixar entón ces ven procesión coa fin de levantarlle un Templo. Ao día seguinte sorprendeunos a súa desaparición atopándoa finalmente no mesmo lugar onde aparecera o día anterior. Así foi que resolveron levantarlle a Ermida alí mesmo visto que é onde a Virxe decidira permanecer. Esta Ermida é a da Nosa Sra. do Nordés, situada no Monte de Chamorro, quen protexe as terras e ás xentes da contorna ata onde alcanza a vista así como tamén aos navegantes que surcan as súas augas."

É costume tradicional peculiar que os romeiros, unha vez acceden ao interior da ermida pola porta que dá a carón do retablo, saian logo ao exterior por outra que fica onde o altar da Pena sinalada na lenda tras impregnar unha man na pía de auga bieita que alí se atopa e pasala humedecida acariñando a Cruz que nela fica gravada.

Por **Ángel Gilberto**



*Pasillo lapidario que comunica a porta de acceso da románica igrexa de San Martiño de Tiobre e o camposanto parroquial.
- Localización: Tiobre, Betanzos o Vello. En Betanzos (Comarca das Mariñas-A Coruña)
Autor: Ángel Gilberto*



*Cruceiro de San Vitorio (Cambás-Aranga. A Coruña)
-Máis datos da ubicación: Lugar de Caínzos. Parroquia de San Pedro de Cambás
Autor: Ángel Gilberto*



Ermida de San Vitorio (Cambás-Aranga. A Coruña)
-Máis datos da ubicación: Lugar de Caínzos. Parroquia de San Pedro de Cambás
Autor: Ángel Gilberto



Hai un tempo publiquei sobre a Ermida de San Vitorio, o pequeno templo que data xunto co seu cruceiro do ano 1.560, conformándose así este último como un dos máis antigos de entre os máis de 10.000 cruceiros rexistrados en Galicia.

Ubicados na Serra do Galiñeiro, no lugar de Caínzos da parroquia de San Pedro de Cambás (Cambás-Aranga. Terra das Mariñas-A Coruña) son exemplos vivos na cristianización dun antigo lugar pagano onde localizamos unha das necrópoles prehistóricas meirandes da nosa terra así como a coñecida "Pegada de Roldán" que se ubica ao leste e a carón da propia ermida, no afloramento granítico da cordal.

Sinalaba tamén do vello costume ben arraigado que se desenrola na troneira da banda sur da ermida a través do cal vemos o retablo policromado de madeira presidido pola talla de San Vitorio perante quen se realiza dende o exterior unha Petición ou Rogo solicitándolle o cumprimento dun favor, rito que vese cumprido e pechado tras botarlle de seguido unha moeda a través do ventanuco.


Pedro G. Losada
(foto: Evaristo Santamaría)

A afoto que publico hoxe rexistra un grupo do conxunto de moedas que observei espalladas ao pé do altar de San Vitorio diante da devandita troneira.

Por **Ángel Gilberto**



A Candelaria: Procesión dos Lacóns
Valga, Pontevedra
02 Febreiro 2014
Autor: Pedro G. Losada



*S. Sebastian
Castro Caldelas, Ourense
19 de xaneiro 2014
Autor: Pedro G. Losada*



*S. Francisco Blanco
Outarelo, Ourense
05 Febreiro 2014
Autor: Pedro G. Losada*



*Bombeiro/s
Vilariño de Conso, Ourense
Autor: Pedro G. Losada*



*Peliqueiro
Santiago de Arriba, Chantada
Lugo
Autor: Pedro G. Losada*



*Nosa Señora das Cabezas
Armenteira, Pontevedra
21 de abril 2014
Autor: Pedro G. Losada*